



# TRABATEL

REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA





I  
TRABATEL

# TRABATEL

REVISTA EONAVIEGA DE LLITERATURA

N.º 5 | ABRIL 2014

© dos textos: os autores

© da edición: Conseyeiría d'Educación, Cultura y Deporte.

EDITA: Gobierno del Principao d'Asturias.

Conseyeiría d'Educación, Cultura y Deporte.

PROMOVE: Conseyeiría d'Educación, Cultura y Deporte.

COORDINA: Xosé Miguel Suárez Fernández

CONSEYO DE REDACCIÓN:

Aurora García Rivas.

Miguel Rodríguez Monteavaro.

Xosé Miguel Suárez Fernández.

FOTOGRAFÍAS: Isabel Marqués (contraportada y páxinas 1, 8, 14, 16, 24, 28, 44, 54, 60) y Marco Mas (portada y páxinas 4, 10, 18, 22, 30, 36, 43, 50, 56, 58).

DISEÑO ORIXINAL: Mercedes Piñera.

MAQUETACIÓN: Ástur Paredes.


IMPRESIÓN: Imprenta Mercantil Asturias, S.A.

DEPÓSITO DE LLEI: AS-4.144-2008.

EXEMPLAR DE BALDRE

## Sumario

- 5 Presentación.
- 6 Poemas. **Conchita Álvarez Lebrede** [POESÍA]
- 15 A última batalla del comandante Moreno. **Cristóbal Ruitiña** [NARRACIÓN]
- 25 Dous poemas. **Belén Rico Prieto** [POESÍA]
- 27 El Celibatón. **Marisa López Diz** [NARRACIÓN]
- 31 Poemas. **Alejandro Fernández García** [POESÍA]
- 34 Como el estela d'un avión. **Alba González Fernández** [NARRACIÓN]
- 37 Cordeiro pral sacrificio. **Roald Dahl** [TRADUCCIÓN]
- [RESEÑAS]
- 45 El unicornio qu'inverna. **Moncho Martínez Castro**  
[*Todos os tristes de mayo*, de Miguel Rodríguez Monteavaro]
- 47 «Por ahí andaba Garay». **José Manuel Martínez Castro**  
[*Vida maleva*, d'Arturo Álvarez Fernández, *Tangueiro*]
- 51 Un redobre nunca é de baldre. **Miguel Rodríguez Monteavaro**  
[*Al xeito del tambor*, d'Ana Vega]
- 53 Mirar o mundo dende Pardiñas. **Aurora García Rivas**  
[*Tiroliro*, d'Alberto Calvín Corredoira]
- 57 El home del saco agora trainos regalos. **Mónica Loza** [*El Anguleiro. Soños de Navidá*, de Colexo Público de Panes y Grupo Infantil Villa Allegre d'Avilés]



Un ano máis, a revista *Trabatel* convírtese outra vez núa ferramenta ben importante pr'achegarse á lliteratura que s'escribe agora nas terras entre el Eo y el Navia, pra conocer as últimas novidades creativas d'un idioma, el gallego-asturiano, que nestos últimos tempos coye folgos gracias al aparición d'escritores novos que tán fendo úa aposta pol uso d'esa llingua nas súas creacióis.

Nese sentido, esta revista quer ser úa guía pra os llectores, pero tamén un instrumento pra qu'os autores sintan que tein un vehículo unde espresarse y tresmitir a súa concepción del mundo. Xúntanse nestas páxinas poemas, narracióis, traduccióis y reseñas de publicacióis que dibuxan un panorama ben completo d'un feito lliterario qu'enriquece el bagaxe cultural da nosa comunidá autónoma y vai afixando pouquín a pouco úa lliteratura que, despoís de tar ben anos esqueicida, coye presenza y importancia nel panorama das nosas letras.

Nomes ben conocidos polos llectores, xunta outros que tán empezando agora a súa trayectoria creativa, atopan un sito neste número novo de *Trabatel* dende el que botar as súas voces al mundo. El miyor que podemos fer pra estimaryes el sou agayo, y pra reconocer el sou llabor, é ller as súas palabras col atención que merecen, y seguir atentos al que ta dando de si úa lliteratura qu'inda ten muitas cousas interesantes que brindarnos.

CONCHITA ÁLVAREZ LEBREDO (VIGO, 1970)  
É FILÓLOGA Y DÁ CLASES DE LINGUA ESPAÑOLA  
EN SECUNDARIA. DE FAMILIA TAPIEGA,  
EL SOU INTERÉS POLA LINGUA QUE  
SEMPRE OUGÜÍU NA CASA  
LLEVÓULA A ESCRIBIR TRES ARTÍCULOS MUI BEN  
INTERESANTES SOBRE LEXICOGRAFÍA DEL  
GALLEGO-ASTURIANO PUBLICAOS NOS ANOS 2002  
Y 2003 EN *Lletres Asturianas* (NÚMAROS  
81 Y 83), Y NEL 2006 NEL VOLUME *Actas das  
Segundas Sesióis d'Estudio del Occidente*.  
SEÑAL D'ESE INTERÉS É EL SOU BLOG  
*A salvadeira*, UNDE RESCATA DEL  
ESQUEICEMENTO PALABRAS NOSAS.  
EL QUE NUN SABÍAMOS ERA DA VOCACIÓN  
POÉTICA DE CONCHITA ÁLVAREZ LEBREDO  
HASTA QUE PUBLICÓU NEL 2012 *Distancias  
e simetrías*, POEMARIO EN GALLEGO COL QUE  
GANÓU EL V CERTAME DE POESÍA VICTORIANO  
TAIBO. AGORA BRINDA AQUÍ A PRIMEIRA  
MOSTRA EN GALLEGO-ASTURIANO DEL SOU  
LLABOR POÉTICO, UNDE SE MOVE CON PÉ  
FIRME, COL ESPARPAYO DE QUEN SABE BEN  
EL IDIOMA Y CUA SENSIBILIDAD D'ÚA POETA  
SORPRENDENTE.

## *Día mouro*

Hai días en qu'a concencia d'un novo ameicer  
acantúate contra a parede esbarrigada da lucidez  
y deixa el sou sabor agro  
nel alento.

Hai días en que nun t'erguerías sequera;  
quedarías hasta a noitía  
sentindo a mortaxa aroxa das sabas y fundindo nel xargón mole  
da decaencia.

Son días máis mouros qu'el fondo  
del pote unde fuche axuntando a túa forgaxe,  
os tous ciñiscos,  
ese refugayo d'esperanzas abarruadas nos días brancos  
qu'agora nun abonda pra espilir,  
pra contestar a os que che cucan debaxo da ventá,  
a os lanxidos dos crianzos,  
al funguido insistente del *guasap*.

Hoi é un d'esos días cardoxos de sabas crespas  
qu'enchen el tou corpo d'alifañas  
qu'aspacín van caltrindo hasta amañar  
unha sésiga del pico al fondo  
qu'atortora a túa alma esmortanxada.

Quixeras ter agayo pra dicir alomenos perdonade,  
volvede mañá ou pasao  
(nun sou quén a responder ás vosas voces).  
Peró nun teis nin a xira d'un gato:  
atalóute el pesor dos días cuspidos sin parada,  
acantaciáronte os discursos delustraos  
dos insensibles.

Peró a ferida del tou corazón aceirao  
nun cangrena  
porque inda derrega ilusióis melecieiras  
qu'un día has a poñer en verso, verás.

Y esmangayao sobre a cama mentramentes,  
vas contando os minutos con pacencia  
que quedan pr'acabar de novo, col poema,  
outra xeira de solombras.



## *Día branco*

Hai días en qu'a luz das regandixas  
abonda pra escorrentar axina  
os soños avesíos  
da anoitecida.  
Son días enxugadeiros  
pras chagozas acoradas nel alma.  
Podes chisbar tras das cortinas  
mirando as garatusas del sol  
y ver a Dios por un furadín  
y capialo pra que nun s'agachape outra vez  
como fai nos días mouros.  
Son días de clarencia qu'abenzúan ilusióis  
cuase esquecidas,  
unha abeluga nas entresecas da vida  
que teis qu'aprovetar pr'abogadar  
el tou pensamento inciao  
de fúnebres señardades.  
¡Veña! ¡¿Qué fais que nun t'erguiche a estas horas?!

¿Nun ves que xa s'osma a desfeita?  
Pensas que xa tas esclavocado  
dos abalóis da escuridá,  
peró non. Nun teñas tan enchipao,  
pensa que nun chis chega a tardía de novo  
y has a layarte entreluces  
por desbaldir d'ese xeito a túa vida.

Hoi é un día branco. Dígocho chamente,  
como lo sinto.  
Pra que t'espurras.  
Pra que botes a andar y t'entrepernes  
na soleira.  
Pra qu'estarabouces alí, y goces.  
Qu'enfogue el tou corazón afitao a balavento  
pra qu'el mundo todo sepa  
que tas vivo y fai  
búa xeira pra xurdir.  
Y que d'hoi en fóra  
nun vai haber lume nin rayo  
que poda crisar al sol  
como tu nun día branco.





## *Morte d'un esteta*

Un esteta morre  
a cada paso.  
Inda nun se levantóu  
y xa volve cayer morto  
sin puxalo.

Morre de feridas incurables  
y el paisaxe namáis (y non sempre)  
y algunhas formas culturais escoyidas  
son quén a felo  
resucitar.

Morre sempre solo.

Pode costar caro crelo  
peró un esteta nunca morre  
de morte natural.  
Mátalo a civilización. A mesma que fixo d'él  
un esteta.

## Tarde te decatache

Sempre tuviche orguyosa  
del arrecendo dulce y mesto  
da túa fiya máis nova.

Cómo chufabas  
el olor suave a herba segada,  
el aroma de vainilla y de canela,  
y ás veces un bocadín  
de mel y d'azucro mouro;  
peró sobre todo olor  
a herba fresca y acordanza  
das horas lentas da nenez,  
d'aquelas horas  
que pasabas sempre en compañía  
de xente veyá.

Y tu nun te decatache.

Sempre alabando a pequena,  
nunca chufando nas outras.

Dicías, por exemplo, fachendosa:

Qué olorín, qué gustín que m'alegra el alma  
y m'esperta a vida.

Outras veces:

Qué delicia este aire qu'entra  
polas narices peró enche  
el corpo entero de campo,  
de terra enchumazada  
pola pruya persistente.

Dicíasyo sempre a túa madre:

Qué ben ule esta mía fiya,  
¡peró qué ben ule!, ¡vaya gozo!  
Dios ma conserve, gracias ye dou  
todos os días.

Y túa madre ríache, ou minto,  
nun che ría sequera, fruncía un pouco  
a comisura del labio dibuxando  
unha media sonrisa como muito,  
encoyendo os ombros, secudindo a cara  
nun xesto suave repetido  
que vía dicir: tu, fiya, nun teís romedio.

Y tu nun te decatache.

Tu sempre tabas chufando,  
sempre coa nariz apegada  
al pelo rizado da pequena:

¿D'ónde ye virá? Nun ulen asina as irmás,  
nin sou padre, nin eu, nin máis naide.

Peró, fiya,

¿qué dulceiro che deu tal agasayo?

Si,

ules miyor que tuas irmás, que todas  
as irmás da contornada;

digo máis, que todas as irmás  
del universo.

Y se por ti fose  
nun arredarías nunca os focicos  
del pelo arrecendente da crianza,  
del sou pescozo azucrao, del peleyo  
engaramao de regaliz que che fía  
engalar polos mundos ceibes  
y felices  
del pensamento.

Y tu nun te decatache d'ónde vía,

hasta que fuche aquel día á casa de túa madre y la topache  
tranquilamente deitada,

adormigada, pensache, y nun movía

os ombros nin tampouco

atanigaba a súa cara feita a brosa.

Namáis ría, ou, nin sequera:

dibuxaba esa sonrisa súa

retranqueira. Y tu nun te decatache

del sou olor a ouca, a vainilla, a regaliz,

a herba cortada de pouco,

a arroz acabao de cocer,

a rustrido de cebola,

a azucre y canela amesturaos

preparaos pr'amañar os fereixolos,

y sempre sempre olor a terra,

a nubres baxas

y a orbayo. Y tu nun te decatache

hasta qu'anagada en lágrimas

la chuchache unha volta

y outra:

Nos sous papos engurriaos.

Nel pescozo aveyentao.

Nel pelo xa abrancazaos.

Y, condo pudiche al cabo

erguer axeito a cabeza,

aloumiñácheye os párpagos

agora zarraos pra sempre

y chorache por ela manseiría

a primeira vez y el última.

¡Y tu nun te decataras

del olor testo da bola!



## A última batalla del comandante Moreno

CRISTÓBAL RUITIÑA (CANGAS, 1977)  
É PERIODISTA Y REDACTOR D'INFORMATIVOS  
NA RTPA. TEN PUBLICAOS CINCO LLIBROS  
Y ÚA DECENA D'ARTÍCULOS SOBRE EL SOU  
CAMPO PROFESIONAL, TANTO EN CASTEYANO  
COMO EN ASTURIANO, PERÓ D'ESTA VOLTA  
ACHÉGASE Á LLITERATURA Y FAILO  
NA LLINGUA DE SOUS PADRES. DENDE EL  
LLUGAR GRANDALÉS DE PENAFONTE,  
RUITIÑA RECOBRÓU AS PALABRAS Y OS  
PAISAXES DA SÚA INFANCIA Y ENFRENTÓUSE  
NADA MÁIS Y NADA MENOS QU'Á ÚA NOVELA,  
*El Batallón Galicia*, INSPIRADA EN FEITOS  
HISTÓRICOS. RUITIÑA XA PUBLICARA  
NEL 2007 EL CONTO  
«AS TRUITAS» NEL LLIBRO *Un lustro de relatos  
cortos*, EDITAO POLA ASOCIACIÓN GRANDALESA  
EL CARPIO, Y XA COLABORARA NEL LLIBRO  
DAS FESTAS DE GRANDAS CON UN AVANCE  
DEL QUE DESPÓIS IBA SER A SÚA PRIMEIRA  
NOVELA. AQUÍ NOS DEIXA UN FRAGMENTO  
D'*El Batallón Galicia* PRA ENCHERNOS EL OYO  
A OS FUTUROS LLECTORES D'ESA OBRA.

### CRISTÓBAL RUITIÑA

Cuando os presos recuperan a libertá faltan in-  
da úas horas pa qu'amaeza. Antias de marchar del  
cuartel, el comandante mira a última vez el al-  
manaque: é el 21 d'outubre. Xunta os sous homes  
y anúnciayes que marchan camín de Xixón. Suben  
a dous camióis e, sin mirar atrás, deixan os montes.  
Úa nubre moura, disinorme, anuncia nevarada.  
Moreno sabe que se cuadra nun os espere naide.  
Pro, se os esperaran, se houbera algún barco, ¿a  
únde marcharía él? ¿Outra vez a Nova York?

Cuando inda nun entraran en Xixón chégayes  
un cheiror ben grande a gasolina. Moreno mira ha-  
cía El Musel e ve úa columna inmensa de fumo,  
que, avanzando camín del este, vai cubrindo a ciu-  
dá. Das ventás das casas colgan sábanas brancas. A  
xente vai hacía el mar arrastrando maletas, carros,  
nenos. Chegan camióis, autobuses, todo tipo de ve-  
hículos. Nun ye fai falta entrar al porto pa confir-  
mar que nun hai barcos. Moreno comprende qu'el  
plan d'evacuación nun cuntaba con que comunis-  
tas y anarquistas iban volver amarrarse tamén no  
momento máis decisivo. E nun ye queda outra  
qu'anunciar a os sous homes que tein que marchar  
camín da Coruña. Velos tan decepcionados qu'im-  
provisa úa solución: aprovetar as redes de fuga del  
sindicato anarquista de marineiros que conectan el  
porto das Xubias con Francia.

Marchan hacía Galicia. Os sublevados levan  
muito entrando e salindo d'Uviéu pro nun contro-  
lan todo el territorio. Cuando chegan al corredor  
que conecta a capital col occidente en maos dos  
sublevados, aquel que nunca puideran cortar, dei-  
xan os camióis e, andando, atravesan úa serra de-  
trás del outra y un río detrás del outro. Cruzan, ta-  
mén, tormentas interminables. E, cuando as pasan,



andan entre úa barruzada permanente. Ve homes caer na lama que s'amaña, ve homes nun querer erguerse máis. Vai axudándoyes, dáyes a mao, el brazo, pro ás veces pensa que ye gustaría qu'el arras-trasen hacía el interior da terra, unde seguramente pasaría máis calor e nun tería qu'andar y andar y andar. Ás veces quer caer él tamén, morrer aí na lama, e nun seguir cargando cuas vidas d'aquelos homes e, por suposto, cua súa propia, tan inútil. Pasan por derriba de Grau e por debaixo de Salas. Fuxen de poblos e carreteras. Andan de noite e miran de durmir de día. Al chegar al conceyo de Cangas del Narcea, descansan no partido de Sierra, nos montes que quedan al norte del río Narcea. Dan-yes de comer e de beber. Poden durmir nas cortes. Despóis, mándanos camín das Montañas. A partir de Fontes, dícenyes, é todo subir e subir hasta pasar al Valledor. A Moreno píntaye qu'esta vez a naturaleza si el vai superar e vai caer rendido. Nin cuando subira el pico Retiñón sentira tanto cansacio. Sentía tamén cansacio na alma, porque nun vía máis que pedra e terra. P'aquela parte d'Asturias parecía que nun houbera nunca vexetación. Pro despóis d'úa tirada grande todo hacía arriba, mazados por un vento gafo que de cada pouco facíayes volver atrás, chegan á parte máis alta. Dende alí, poden ver hasta el mar. Adivíano aló no fondo, debaixo d'úas nubes mouras. Moreno pregunta a ún dos asturianos únde empeza Galicia. Aló á esquerda d'aquelos picos, contéstaye él. Moreno nun acaba de ver os picos dos que fala. Forza os oyo, pon a mao a xeito de viseira. Pro nada. Aquelo é Grandas y aquilo, A Fonsagrada, porfía el outro al parecerye que nun acaba de ver el que ye ta amostrando. Pro Moreno sigue sin ver. Nun distingue gota del que dice. Namáis ve un mar de montes cabalgando us derriba dos outros, como olas que van morrer al mar.

Así que cansa de mirar, apunta hacía abaxo. Señala úa parte máis clara, unde é posible adiviar casas e prados. É alí unde debemos ir, anuncia. Axeito, van erguendo todos e botan camín abaxo. Volven pasar por entre árboles, principalmente castañeiros e tamén budueiras, todos cuas canas espidas. Moreno agradece ver algún ser vivo, anque seña prantas. En teoría, baxar é máis descansado, pro a él dólenye as rodiyas. Polo xeito que poin p'andar, pensa qu'a algún dos sous homes pásaye igual. Cuando xa nun pode máis, sinte el augua que leva el río del Ouro e comprende que xa queda pouco. Ven Tremao, atopan el río e, deixándolo á esquerda, siguen andando, primeiro entre prados comidos e despóis entre árboles escuros, case mouros. Marchan derriba d'un manto de foyas e garabuyos. Del río, chega un frío que nun tornan nin a roupa nin a carne. Vai dereto a os ósos. É el frío que precede á nebra, úa nebra traidora qu'os cubre del todo sin avisar. Con alarma, Moreno descubre que nun é quen a ver el home que leva delante. Sabe qu'é Machicado porque é quen iba delante d'él hasta había un bocadín. Pro podería ser outro. Maldice a nebra porque ye quita de ver as castañas. Al cabo, sinten máis augua, augua que baxa d'outro sito: crúzaseyes el río Navia. Agora, anuncia Moreno, tein que buscar un sito pa pasalo. Al outro lado ta Galicia, precisa mentres apunta cua mao hacía a brancura infinita qu'os envolve dende hai horas. Andan a veira del Navia río abaxo. E dan chegado unde noutro tempo houbera úa ponte. Al achegarse a os restos comprenden que daquén a volara, quizabes al empezo da guerra. Al pouco sinten úas chocarelas. Imaxinan a presencia de cabras. D'entre a nebra, ven vir un rapaz que, asustado, para en seco delante d'elos. As campás tamén deixan de soar. Moreno precátase de que ten qu'actuar rápido porque el rapaz pode botar a correr entre a ne-



bra e nun volver a velo máis. Pergúntaye por únde poden pasar el río. El rapaz contesta con silencio. Por un bocadín, Moreno pensa qu'el vai perder. A nebra vai borrándolo empezando polos pés y acabando pola cabeza. Pro el rapaz contesta: por Tresmonte, tedes qu'ir hasta Tresmonte. Antias de desaparecer del todo.

Moreno nun sabe ben se as casas qu'atopan al pouco de botar a andar é Tresmonte, pro si ye parece que por aí ben se pode cruzar. Nesa parte del río, vese qu'é algo máis estreto e nun é tanto el que tein qu'andar col augua por enriba da cintura. El vento move a nebra a gran velocidá hasta qu'acaba espilindo e xa se poden ver us a os outros. Al chegar al outro lado, entran en Grandas. Moreno manda buscar un regueiro, que van ter que subir, deixándolo á esquerda. Siguen entre soutos que, polo que ven, xa tan ben trabayados. Deben tar cerca d'un poblo y as castañas tán todas soutadas. El comandante decide que se movan un pouco monte arriba, arredándose del río, por ver de botar en algo de comida. Al pouco, chegan a Teixeira. Alí, núa casa, dányes algo de comer. Sopas e viño. Todo servido en concas de madeira. Moreno pregunta por únde tein qu'andar pa nun salir al Acevo. Mándan-ye volver atrás, ir máis aló dos montes de Penegueira y El Vayés. Dícenye que, subindo el río, e sin volver cruzalo, vayan sempre hacía a esquerda, que nun tiren hacía a dereta. Se andan el Navia arriba, porfían-ye, axina van chegar a Galicia.

Algús dos sous homes van unde él e dícenye qu'elos quedan alí, que chegaron á casa. Moreno bótayes úa oyuada emocionada. Son seis, tres d'ellos sin zapatos. Os pantalóis desfeitos. As chaquetas sin mangas. Cotrosos, fraques. Pro felices. Moreno precátase de qu'había tempo que nun vía úa sonrisa como aquelas. Van marchar de noite. Cuntan chegar ás casas e volver á vida que tían antias.

Nosoutros, díceye aquel que chaman *El Maestro*, tamién temos úa Penélope que nos espera. E botan a rir. E Moreno tamén ri, aunque con úa faraguya de tristeza, úa d'esas que naide imaxina. Moreno dáyes a mao, abrázalos; e mira pa os outros homes, os galegos. Aquelos que, como él, chegaran por mar había xa case un ano. A elos inda yes faltaba un bon bocado. Pasan a noite deitados de cualquier xeito na corte d'aquela casa. Moreno pensa se nun s'equivocóu, se nun tería sido abondo miyor esperar escondidos naquelos montes a ver qué pasaba cua guerra. Comentábase qu'era cuestión de tempo qu'entrara a Sociadá de Nacióis. Empezaba a pensar se nun sería aquela úa misión suicida, se todo aquilo nun sería como tar pasando núa balsa pequena e precaria el gran abismo del mar.

Muitos días chove y hasta quer nevar. El día despóis da marcha dos asturianos nun é úa excepción. Cuando para de chover, el monte encárgase de deixalos ben moyados. Pasan por entre carbayos, castañeiros, budueiras, salgueiros y albedreiros. Sempre moyados. Algús d'elos levan dous pantalóis, ún derriba del outro, pro é igual. Nunca van poder quitar a humedanza, que yes prende nos ósos. Chegan os estornudos y a fogaxe. A alimentación ruía nun axuda a pasala. Comen el que van pañando, principalmente castañas. E suben e suben. Sempre hacía arriba. A media mañá, atopan úas casas. Un home volve de segar verde. Nun pinta sorprendido. Pasan muitos por eiquí, díceyes. Pergúntaye únde tan. En Negueira, contesta el home. ¿Esto é Galicia?, pregunta Moreno. É, contesta el home. Moreno mira a os sous homes, que quedaran un pouco p'atrás, e confirmayes cua mirada qu'al cabo chegaran. Nun pode evitar sentirse un pouco descansado. É a primeira victoria en muito tempo, pensa. ¿Todo por aí é Galicia?, pregunta Moreno señalando pa un mar de montes

que, sorprendentemente, reciben nese momento un baño de sol.

—Parte si e parte non —contesta el home misteriosamente—. Indo por este camín hai un desvío á esquerda y outro á dereta. El da esquerda vai a Ibias, qu' é d'Asturias. El da dereta, vai á Fonsagrada, qu' é Galicia.

Danye as gracias e despídense. Antias, pídenye permiso pa coyer as uvas qu'inda quedan núas parras de máis p'aló. Del outro lado del río, ven casas de pedra e louxa. Suben comendo uvas e deixándose calentar pola raela. A Moreno gustárye qu'aguantara hasta enxugar a roupa. Pro é imposible. Axina volven as nubres, primeiro brancas, despóis cardosas y al cabo mouras, amenazadoramente mouras. Barruza un pouco primeiro e despóis rompe a chover con forza. Moreno duda se mandar buscar un sito unde esperar qu'estie. Pro sabe qu'aquelos homes tán cansados de retrasar el momento de chegar al sou destino, seña el que seña. E siguen andando debaxo del augua, un augua que yes maza na cara con vocación de castigo. Moreno vai detrás, observando os restos del Batallón Galicia. Dende alí pode ver al capitán Emilio Novás, un cocieiro muito bon. Detrás d'él, vai el sarxento Luis Rafael Villar, retratista incansable. Un pouco máis aló, sin renunciar del todo á posibilidade d'atopar castañas, sigue el comisario político Manuel Ramos, con contactos importantes entre os marneiros coruñeses. Xusto delante de Moreno vai el tenente axudante Maximino Martínez. Atrás d'él, e coxiando polas mancaduras da batalla d'Uviéu, vai el comisario político Odilo Masid. Tamén chega a ver, al principio de todo, al enlace Manuel Bugallo falando col miliciano Jesús Martínez. E despóis nada. Úa nebra mesta bórralos a todos d'un brochazo.

Chegan al cruce e van á dereta. Nun ven miga pro, alomenos, deixóu de chover. Bótaseyes a noi-

te encima cuando acaban de chegar al pico de Pedrasapañadas. A nebra, pro tamén as nubres, quítanyes de valirse das estrelas pa orientarse. Vai un aire tan frío qu'os obriga a marchar d'aí. Descubren un carreiro que baxa e deciden andalo. El vento pasando entre os árboles quítayes as ganas de lericar. As ganas de falar pro, máis que nada, as ganas d'escuitar. Tamén yes quita as ganas de baruñar a fame. E, por suposto, el cansacio. Axeito, van baxando d'un nún, adiviándose y imaxinándose. Moreno pensa en Nova York. Son pensamentos positivos. Nun ye pasa igual cuando pensa en Galicia, cuando pensa. Porque, inconscientemente, xa nunca pensa en Galicia. Figúraseye que, anque a teña pisando precisamente nesos momentos, hai muito tempo que deixóu d'esistir. Cuando quer animarse pensa en Nova York. En Penélope non tanto. Con Penélope pásaye como con Galicia. Figúraseye que quizabes hai muito tempo que deixóu d'esistir.

Úa luz. Descubren úa luz. E despóis úa casa. Primeiro, pedras, úas derriba das outras hasta chegar al louxado, e despóis úa casa entera. Buscan a porta e cuando a atopan rompe a chover. Nuno pensan dúas veces e chaman. El comandante peta na porta. Sale úa muyer e mándayes pasar sin preguntar. É úa cantina. Hai úa barra, úa mesa, siyas, botellas, alimentos, un almanaque. 29 d'outubre de 1937. Moreno pregunta á muyer únde tán. No Acevo, contesta ela. Moreno sinte un calofrío. Sabe que nun deberían tar alí. Pro os homes tán acabados. Nun os pode mandar salir á noite, fría e mojada como úa tumba. Pídeye permiso pa pasala aí. A muyer acepta. Pro na casa nun tein sito pa todos y algús han ter qu'ir pá corte. Poden durmir alí, derriba del herba seca. Na casa, deitados no tarrén da cantina, namáis poden quedar dous ou tres: ún vai ser el comandante. Nun vai poder descansar gota,

pro tampouco ten intención ningúa. Antias, poden cear tranquilamente. A muyer amañara aquel día, como todos, úa búa potada de sopas. Mentres come, Moreno ve pasar úa sombra. Daquén acaba de salir da casa. Sigue comendo, aspacio, sabendo qu'el estómago pode notar el contraste cua comida dos últimos días y acabar botándolo todo, pro sin deixar de sentir algo como un calofrío. Sabe que nun deberían tar alí. Ve os homes falar e rir, pro nun sinte el que dicen. Acaban. Toman café. Cuando ye chega a vez observa qu'á muyer trémbye a mao. Pode ser que seña úa característica d'ela ou producto dos nervios pola chegada inminente dos falanxistas da Fonsagrada.

Nin úa cousa nin el outra sabe el comandante Moreno que, desque acaba el café, e como van facer os outros, vai camín da cama. Xa al deitarse pareceye qu'esa noite nun vai durmir. Mira na escuridá y tenta imaxinar cómo vai vivir cuando acabe todo aquilo. Nun pensa deixar a luita. Os últimos días, as forzas sacadas de nun sabe únde p'andar todos aqueles montes e todos aqueles ríos, confirmáronye que nun pode vivir sin peliar. Necesita, constantemente, facer frente a un desafío. Esa vai ser a súa maldición toda a vida. Xa nun cre na revolución social, quizabes nun cre nas ideas que leva defendendo toda a vida, pro sabe que nun vai poder evitar meterse noutra batalla, seña a que seña. Él nun vale pa pasar as tardes no café botando a partida. Nun vale p'amasar el pan e, despóis, á tardiquí, ir cortexar al paseo da praya. Entoncias vénye a imaxe de Penélope. E, al pouco, sinte un disparo. Pareceye que veu da corte unde durmen os outros. Érguese. Leva a roupa posta. Leva meses sin quitar a roupa pa durmir. Bota mao á pistola. Busca a maleta. Busca a ventá.

Os falanxistas decidiran ir primeiro á corte e perguntaran a os qu'alí durmían se podían salir. Os

de dentro pensaron qu'eran os amos da casa y abriran a porta confiadamente. Entoncias empezan os tiros. Os falanxistas matan a todos os que van salindo. Os que nun matan bótanos na camioneta pa levalos á Fonsagrada. Algún d'elos dá escapado. Despóis van hasta a cantina, unde, según yes dixeron, quedan namáis dous ou tres. Cuando entran os falanxistas, os qu'alí durmían xa taban avisados e recíbenos a tiros. Moreno mata a ún d'elos. E despóis escapan pola ventá. Bótanse al camín de Negueira. Corren e corren, todo hacía arriba. Despóis métense por un carreiro hacía a esquerda en dirección a Pedrasapañadas. Buscan únde agacharse, entre toxeias, uces e xestas. Entre árboles caídos. Entre a lama. Moreno pégase a úa budueira, protexido por us capudres inda pequenos, entre folgueiras que nun chegaron a ceder del todo al mal tempo. Naquel abeirugo improvisado aguanta hasta qu'é día, sin durmir. Espera a ver se vai espilindo a nebra e, cuando marcha del todo, deixa el sou escondite. Mira de deixalo amañado porque figúraseye que vai ter que volver. Xa antias de chegar al carreiro sinte que daquén el chama. De detrás d'úa toxeira ve salir a Maximino. Algo máis arriba van aparecendo máis homes.

Nese monte van permanecer quizabes quince días. Quince días cuas súas quince noites discurrindo cómo pasar a Galicia sin qu'os prendan os falanxistas. Escóndense pá parte de Grandas, entre carbayos, budueiras e castañeiros. Pro, ás veces, suben hasta el pico de Pedrasapañadas, dende unde poden ver Galicia. Deitada derriba d'un d'aquelos montes, reconecen fácilmente A Fonsagrada. Aló no fondo anda Folgosa, inda en Asturias. Moreno pasa horas sentado núa pena, pensando a ver por únde poden baxar. Á esquerda vese Monteseiro, inda no conceyo da Fonsagrada. Á dereta queda a raya imaxinaria que separa Asturias de Galicia. E



de detrás, a fronteira natural da serra del Valledor, col río Navia xugando a esconderse por entre os montes redondos y interminables. Axina aprende a interpretar a nebra. Cuando vén de Grandas, del fondo del Navia, é posible qu'acabe marchando. Eso pasa sobre todo al amaecer. Pro cuando entra pola Fonsagrada, formándose nos mil regueiros que furan a terra, é difícil que marche. Eso pasa sobre todo cuando vai chegar a noite. Entre úa cousa y el outra poucas veces pode ver del todo el territorio. É difícil saber qué facer.

Como tein fame, andan a pedradas a os corvos por ver se matan algún. Tamén andan atrás dos peneireiros, máis grandes e, polo tanto, máis cotizados. Andan atrás dos corvos e dos peneireiros ou da sombra dos corvos e dos peneireiros. Porque todo pasa entre a nebra. Son escenas desesperadas. Homes descalzos, casemente nos ósos, correndo atrás de pantasma. A nebra quítayes de cazar. Pro tamén os esconde das partidas falanxistas. Saben qu'andan aí fóra, buscando rematalos. El comandante pode ouguilos, pro nun os ve. Acaaba gustándoye a nebra. Figúraseye que nada del que ta pasando é del todo verdá. Pode tar alí, na raya con Galicia, buscando el camín hacía A Coruña, como pode tar en Nova York, no muelle de Chelsea, buscando entre a nebra trabayadores chegados de pouco a os qu'informar da importancia d'entrar no sindicato. Baxaban dos barcos a rabaños, pensando qu'atoparan el paraíso, recorda Moreno. Pro xa daquela a cousa andaba mal. Xa es-

toupara Wall Street. Y el problema nun era pa os millonarios, como engañosamente retrataba a prensa cada día, informando dos poucos suicidios que se foran producindo. El problema era pa esos trabayadores desorientados que chegaban cuando xa nun había pa todos.

Pasan os días y os homes cansan de comer as castañas crudas. Ún d'elos propón asalas. Daquén nega, argumentando qu'os falanxistas poden ver el lume. Aparentemente, os homes renuncian á idea. Pro un día, dende algún punto impreciso del corazón da nebra, Moreno ule un cheiror diferente. É penetrante, chega a mancar, pro tamén reconforta. É el cheiror del fumo. Bota a correr en dirección al sito d'unde ye parece que vén. Hasta que nun ta encima d'elos nun os ve: son tres homes asando castañas. Pisa violentamente encima del lume. Os homes caen p'atrás. Moreno mira pa ellos e ve miradas avergonzadas e, sobre todo, asustadas. Cuando comprobán que nun é un falanxista botan a mao por entre as brasas e pañan as castañas, indiferentes al dolor. Apártanas a un lado pa comelas despóis. Moreno marcha. Sabe que nun ten que dicir máis nada. Él tamén queda asustado pro, sobre todo, avergonzado. Nun ye gusta nada ter que quítayes a os sous homes a comida da boca. Nese momento, identifica todo el outro que taban fritindo: saltóis, sapagueiras. Al marchar d'unde ellos, figúraseye sentir úa choca. Comprende qu'é a vaca d'algún vecín. Espera que seña namáis a vaca, qu'el vecín xa marchara.



ESTE NÚMERO DE *Trabatel* VOLVE ACOYER NAS SÚAS PÁXINAS A DALGÚAS AUTORAS QUE XA PUBLICARAN NA REVISTA. É EL CASO DE BELÉN RICO PRIETO (A VEIGA, 1959), QUE NOS PRESENTARA ALLÓ POL ANO 2008 US POEMAS QUE DESPÓIS FORMARON PARTE DEL SOU PRIMEIRO POEMARIO, *Algunhas maos* (2012). NEL 2009, UN ANO BEN PRODUCTIVO PRA ELLA, SACÓU UN LLIBRO INFANTIL, *Domingo y os animais*, Y GANÓU EL PREMIO MARQUÉS DE SARGADELOS DE RELATOS. BELÉN RICO SEGUÍU ESCRIBINDO Y VIVINDO A LLITERATURA COMO SEMPRE LO FAI: CON TODA A IMPLICACIÓN VITAL POSIBLE. AGORA TA NUN PROCESO D'EVOLUCIÓN POÉTICA DEL QUE DIZ QUE QUER ESPERTAR NOVA. ASEGURA QU'EL PRIMEIRO DOS DOUS POEMAS QUE NOS REGALA TEN ALGO DA INOCENCIA DAS SÚAS PRIMEIRAS COMPOSICIÓIS, PERÓ EL SEGUNDO XA PESCUDEA NOS CAMÍOS NOVOS QUE TA ABRINDO.

*Cabo jazmín: a ventá*

Jazmín,  
quero contarche que:  
nun son os mesmos ocálitros  
—os que vexo desde a ventá—,  
tampouco os mesmos rapacíos  
—os que tán dentro del aula—,  
peró  
os  
árboles  
d'hoi  
—igual qu'os de daquela—  
deixan a terra seca  
y as folgueiras nun enreizan  
—hai unhas poucas nas paredes  
de pedra d'ese muro  
que  
s.e.p.a.r.a—.

Quedas tu, Jazmín,  
y os rapacíos  
d'hoi e d'entonces,  
corpos de mirada dulce  
como el mel das colmeas:  
alimentando.

Quedades, rapacíos,  
—candelas de cera marela—  
deixando luz abonda  
pral camín  
que  
espera.

## *Arráncame a naranxeira*

Arráncame arrentes a naranxeira,  
corta a cerdeira  
e nun prantes el almendro  
nel prao da casa.  
Peró  
nun permitas que deixen manco el cedro  
qu'ocupa el sito  
d'unha bidueira:  
éramos mui pequenos todos  
cuando sachamos a terra  
e lo prantamos.  
Medramos parexos  
y hoi, sin embargo,  
precátaste de qu'esta nun é a tua terra  
e qu'eu muito ben podo dar limóis  
se m'amparan da xelada,  
sabes tamén qu'inda podera ser  
figueira centenaria  
ou palmeira señorial,  
a lo menos a os teus oyo  
—se poderan ver—  
e por eso oulas.

Castiadelo, 18 de xuyín de 1997

MARISA LÓPEZ DIZ (XIXÓN, 1970) VOLVE CON ÚA NARRACIÓN A *Trabatel* DESPÓS D'UN TEMPO DE MUITA ACTIVIDADÁ ARTÍSTICA. PUBLICÓU EL CONTO EN ASTURIANO *Malva y el papapallabres* (2010) Y ENGUANO GANÓU EL PREMIO MARÍA JOSEFA CANELLADA DE LLITERATURA INFANTIL NESA MESMA LINGUA. PERÓ ESTA ESCRITORA DE REICES GRANDALESAS TAMPOUCO NUN DESDEIXÓU A CREACIÓN EN GALLEGO-ASTURIANO. NEL CAMPO INFANTIL SACÓU EL LLIBRO *Binoca* (2008). EL SOU RELATO «A FIYA DEL XASTRE», GANADOR DEL PREMIO XEIRA Y PUBLICAO NEL VOLUME *Máis lletras novas* (2010), LLEVÓULO AL CINE NEL CURTIOMETRAXE QU'ELLA MESMA DIRIXÍU NEL 2012. TAMÉN EL SOU POEMARIO *A terra esqueicida* (2007) É AGORA A BASE DEL DISCO DEL MESMO TÍTULO QUE PUBLICÓU ESTE ANO COL DÚO MESTURA, QUE FORMAN MARISA LÓPEZ DIZ Y LUIS SUÁREZ. MARISA SIGUE ESPLORANDO NAS SÚAS NARRACIÓIS AS TERRAS ALTAS DA VEIRA DEL NAVIA, CON PAISAXES Y PERSONAXES QUE FALAN DE SOLEDÁ, DE TRISTURA, Y SEMPRE ENVOLTOS NUN CERZO DE MISTERIO.

Einda nun ameicera condo sentíu el ladrido del can cuspindo el aire como un presaxo azarento. Pensóu que dalguén —úa solombra delgada y máis escura qu'a terra que se vía al outro lao del río— andromeiraba alrededor da casa. Erguéuse col corazón mazándoye nel peito y atazao pol medo.

Levaba meses sentindo que dalguén lo vixilaba polas noites. Nunca vira a naide, pero podía sentirlo naquela rara inquietú del can, nel respirar aforfogao del boi abaxo na corte, nel augua axitada del río... Fía xa abondo tempo que vivía solo, quiciáis demasiao.

Fiyó de solteira y coxo desde que caera d'un macho pasando a ponte del molín, cobraba úa paguía pequena que ye bastaba pra sobrevivir naquela casoa de pedra. Nun necesitaba muito pra vivir. Tía un horto qu'abastecía as súas necesidades máis elementales y dalgús animais que ye servían de sustento y compañía. Nel poblo chamábanye *El Celibatón* y dicían que taba tolo.

Él nunca salía d'aquela casa se nun era pra ir a dalgúa feria amañar dalgún trato pra vender ou mercar un xato ou dalgún cocho. Con aqueles zarrampayos cotrosos y aquel xeito de mirar atravesao nun era home que despertara muitas simpatías entre os vecíos. Hasta as palabras se ye volveran ásperas y frías, como aquelas mañás d'inverno que pesaban nel louxao da casa y se perdían nos carreiros.

A él nun ye importaba miga lo que dixera a xente. Lo único que ye importaba nestos momentos era aquela presenza invisible que parecía tar cada día —ou miyor, cada noite— máis y máis cerca,



que chegaba polas noites y marchaba cuas primeiras luces da mañá.

Si, nun eran figuracións. Levaba meses sentindo que dalguén lo vixilaba. Por eso aquela noite, como vía fendo as últimas semanas, sentóuse a esperar na cocía cua escopeta cargada y el medo apertándose as maos.

Pasóu muito tempo antias de qu'ouguira nada. Sentíu el oulido ronco del can perdéndose nel monte y deixando un silencio que lo invadío por dentro hasta secarye el alento.

Garróu a escopeta y miróu pola ventá. Nun se vía nada. A escuridá máis absoluta cubríalo todo como un manto sinistro y mouro. Punxo el dido nel gatillo y abríu a porta apuntando á nada. Chamóu al can.

—¿Quén anda ei?

Peró nun hubo resposta.

Entróu na corte y botóu úa oyuada. Despoís baxóu hasta el río seguindo lo que ye parecío úa solombra que cuase nun se distinguía naquela noite moura. Ás veces, parecíay e ouguir daqué á esquerda, outras á dereta, outras detrás d'él... Volvíase, entoncias, y nun vía máis qu'aquela escuridá impalpable.

En mitá d'aquela noite sentíuse un tiro estoupar. Nun s'escuitó al can ladrar. Esperóu un pouco antias de volver prá casa. Nada.

Antias d'entrar, volvéu mirar na corte. As dúas vacas y as oveyas tíalas nel prao d'abaxo da casa, pero el boi taba tirao nel tarrén, cua boca y os oyos abertos. Morto. Entróuye el pánico y salío correndo d'alí. Chamóu al can úa vez, dúas... cinco... hasta sete veces. Nada.

Entróu na casa. Faltábaye a respiración. Foi directo al cuarto y prendéu a luz. Miróu prá cama y, entoncias, entendéulo todo.

*Castiadelo, 29 de setembro de 1997*

Era mui raro que naide pasara cerca da casa del Celibatón. Tabo a mui desmao y nengún vecín tía ganas de cruzarse con él, pero aquel día decidío achegarse á casa. El Celibatón apalabrara con él a compra d'un coche y nun se presentara. Levaba semanas sin velo. Chamóuye el atención ver al can del Celibatón á veira del río, comido polos bichos. Achegóuse á casa. Nun lo víu por nengún lao.

—¡Susó! —gritóu.

Abrío a porta y entróu. Cheiraba. Na cocía taba todo en tenda y había restos de comida por todos os laos. Volvéu a chamar a Suso, pero nun ye contestóu naide. Entróu nel cuarto y, entoncias, víulo deitao na cama cua escopeta al lao, as sabas manchadas de sangre veyo. Morto.



ALEJANDRO FERNÁNDEZ GARCÍA (EL FRANCO, 1993) É ÚA DAS VOCES NOVAS, BEN NOVAS, QUE VEIN A XUNTARSE Á LLITERATURA EN GALLEGO-ASTURIANO. ÉL RECORDA Á SÚA MAESTRA EN VALDEPARES PORQUE FOI A QUE LO ANIMÓU A ESCRIBIR DENDE BEN PEQUENO. ESPLICA QU'ESCRIBE NA SÚA LINGUA MATERNA PORQUE É EL IDIOMA NEL QUE PENSA Y NEL QUE DIXO A SÚA PRIMEIRA PALABRA.

AGORA ESTUDIA EL TERCEIRO ANO DEL GRAO EN TRABAJO SOCIAL DA UNIVERSIDAD D'UVIÉU, NA FACULTÁ XOVELLANOS DE XIXÓN.

RAPAZ REBULLICEGO, TA METIDO EN MOVEMENTOS SOCIALES COMO EL ASOCIACIONISMO XUVENIL, EL VOLUNTARIO, EL SINDICALISMO ESTUDIANTIL... Y LLEVA DOUS ANOS PUBLICANDO POEMAS NEL BLOG *Degeneración del 93*, COL ARCUÑO DE *Jandro DQ* (JANDRO DE QUEITANO).

TAMÉN COLABORA COL CONXUNTO OS FOLKGAZÁIS, DA VEIGA, ESCRIBINDO Y RECITANDO EN DALGÚA DAS SÚAS CANCIÓIS.

### *Realidá*

Nun quero máis palabras  
moyadas en xinebra.  
Nun quero máis papeles  
escritos con versos  
que contéin penas.  
Nun quero máis ferro  
derretíndose nas oreyas.  
Nun quero volver pechar os oyo  
pa nun ver a realidá.

Tampouco nun quero ser el conto  
del príncipe y a princesa,  
nun me gustan nin Romeo nin Xulieta.  
Quero, como dixen, correr  
y escougar ceibe pollas terras  
unde non solo haxa flores y primavera,  
sinón tamén carbéis y arteiras.

## *Tuvemos avisaos*

Escuitáronse berros dende a praya,  
naide dixo nada,  
peró todo el mundo escuitara  
estrombeirar úa trompeta nel arribada.

Primeiro na Mortiza, llougo en Foxos, y  
condo el nordés llevóu el son da trompeta  
hasta el home qu'había más cerca,  
úa lluz fixo parar el tempo;  
fixo qu'el que tocaba nel instrumento  
podese escapar.

Nunca naide saberá  
quén tocaba d'aquel xeito...  
Eu penso qu'aquel rapaz nun tocaba cancióis:  
eu penso qu'aquel rapaz  
era el reló que nos quería despertar..

## *A reiz*

As caleyas tán balleiras,  
nun queda herba nas cortes,  
nin xente nas casas.  
Nun hai nenos xogando,  
nin chigres, nin contos,  
nin naide que baraxe as cartas.  
Nun hai berzos calentes,  
nin cocías fumiando.  
Poucos recordan el falar:  
entérranse coa xente  
as palabras da terra.

¿Únde tabas tu  
condo cantéi, nel monte,  
os meus secretos?  
Soñaréi col mañá,  
quizabes sía miyor  
esqueicer todo lo que foi  
y empezar.  
Empezar outra vez de novo,  
fer como que nun pasóu nada,  
qu'al acabo del día  
os nosos recordos  
fóronse coas andolías...

¿Únde tabas tu  
condo choréi, al aire,  
as mías penas?  
Vou pintar avióis de papel  
pa qu'engalen hasta a túa ventá.  
Vou poñeryes boca;  
pa que falen, pa que che pregunten.

Vou fer avióis de papel,  
vou preguntarche  
muitos porqués.

Y a túa pel,  
esa esbrancuxada pel,  
y el tou pelo marelo  
van dicirme a verdá  
das túas noites de gloria.

ALBA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ (VALDEPARES, EL FRANCO, 1985) NUN É NOVA EN *Trabatel*: PUBLICÓUSE OUTRO RELATO D'ELLA, «RASKA, MAMA», NEL NÚMERO 2 DA REVISTA. GANÓU DÚAS VECES EL PREMIO XEIRA DE NARRACIÓIS CURTIAS: A PRIMEIRA VEZ CON DECISETE ANOS, COL RELATO «DOS TEMPOS, OS MIYORES» Y EL ÚLTIMA NEL 2010, CON «HIPERHIDROSIS». OS DOUS TÁN PUBLICAOS EN LLIBRO, EL PRIMEIRO EN *Lletras novas* (2000) Y EL SEGUNDO EN *Máis lletras novas* (2010). NESTE MEDIO TEMPO TAMÉN DEU Á ESTAMPA UN MICRORRELATO EN GALLEGO-ASTURIANO, «MORTE», NEL LLIBRO COLECTIVO *Cuántu carbón saldría* (2011). AVEZADA A TRABAYAR CON NENOS, TEN EN MENTE UN PROYECTO LLITERARIO PRA OS MÁIS PEQUENOS, PERÓ, ENTREMENTRES, AQUÍ NOS DEIXA ESTE RELATO TAN GUAPO.

Llougúis aporondóuse nel corume da casa sin que naide s'enterase. El autobús del escola taba embaxo y os nenos esperaban en fila pa subir. Nese momento pensóu nesta norma imposta pollos adultos: quizás era miyor subir de dous en dous qu'en fila d'a un, xa qu'os nenos cabían polla porta y el tempo del acción iba ser más pequeno. Solía fer estos cálculos, analizando os miles de normas impostas que ten qu'asumir sin sentido na vida diaria. Llougúis tía trece anos, oito meses y quince días, úa resposta lóxica pa un neno diagnosticao Asperger.

El tresporte al escola dábaye muita ansiedá. Nun entendía por qué os rapaces se volvían tollos nese sito entementres qu'el conductor, única figura adulta, esqueicía a súa autoridá pa convertirse nun simio más d'esa especie de zoolóxico. Os nenos berraban como animales, subíanse a os asentos, aventaban carpetas y mochilas, y dibuxaban os respaldos con frases y códigos. *Sesenta y cinco días que viaxo en autobús, trece días que nun viaxo en autobús*, foron os cálculos que fexo, atendendo ás normas da madre: *Viaxarás a mitá más ún dos días lectivos da semana*.

Outro conflicto que ye rondaba na cabeza era Marián. Marián era úa nena que se sentaba detrás d'él na clase. Todos os compañeiros taban namoraos d'ella, pero sólo quería beilar con él nel obra de teatro da Navidá. A Llougúis gustábaye porque el pelo ulíaye a yogur de macedonia, único postre que comía, y era el única das decioito nenas del curso qu'era rubia, úa característica que ye parecía

peculiar. Tía escuitao que se úa moza che gustaba, tías qu'escibirye úa carta d'amor; y Llougúis, poñéndose de prazo ese día, nun foi capaz de dedicar-ye dúas palabras a Marián. Nese momento miróu p'arriba y víu úa llinia branca que cruzaba entornada el célo: el estela d'un avión.

—¡Llougúis, baixa d'ei, qu'é tarde! —berróu a madre dende el xardín del entrada—. Entra por unde saliche y baixa pollas escaleiras —rematóu a madre, nun fose que decidira saltar, como fixera núa ocasión.

—¡Non! —dixo Llougúis con inusual autoridá. El sou tono de voz era agudo y sin entonación. As respostas curtias normalmente alargábalas, suando, d'este xeito, autómatas y artificiais.

—Imos solucionar el problema, sempre que súa posible —díxoye a madre, tendo en conta a completa veracidá da frase.

Xa embaxo, cuntóuye a situación.

—Teis que pensar en palabras guapas y vou ir anotando nesta foya. Despós escribimos delante a frase: es como...

—Almanaque, filantrópico, tiranosaurio... —Llougúis nun esperóu nin un segundo a contestar. Tía claras as miyores palabras del diccionario.

A madre coyéu aire y pensóu nel miyor xeito d'esplicar un concepto tan complicado.

—Agora, teis que pensar en daqué que che guste de verdá. ¿Acórdaste da cabalgata de Reis? Al pasar as ocas dixiche qu'eras mui feliz.

Fora a primeira vez y el única que Llougúis espresaba a súa emoción verbalmente y a súa ma-

dre intentóu de novo averiguar as razóns del fiyo.

—Porque rinme antias qu'el resto da xente y ellos despós ríronse comigo.

Ún dos problemas de Llougúis era que nun entendía os chistes da xente. Avezárase a finxir úa risa case muda, un xemido más ben, condo al sou alrededor se rían de daqué. Úa estratexa d'auténtico supervivinte que naide ye esplicara d'antemao, como adoptar costumbres d'úa cultura ayía, sin comprender nin compartir, buscando el respeto y el integración.

A conversación seguía nel coche camín del escola. Xa chegaban tarde, como cada día qu'el neno escoyía nun ir en autobús. Úas veces era a os martes, outras a os xoves, sempre días pares. A madre esperóu pacientemente a resposta del fiyo, tendo qu'atopar éste el última vez que sentíu emoción. El coche quedóu en dobre fila, xa qu'aparcar núa praza nel escola era motivo de disgusto pa Llougúis. As razóns: que nun era profesora.

—¡Agora teis que contestarme, neno! —dixo a madre disimulando úa certa desesperación.

—Pos, pos... esta mañá —fixo úa pausa antias de comprender que tía que seguir—, Marián é como... el estela d'un avión. Sei a definición del sou nome y a qué campo semántico pertenez. Tamén podóu describir a súa forma y el sou color, y esplicar por qué me prestan tanto y por qué me gusta topallas; pero nunca vou saber, mama, qué dirección van tomar.

Foi a primeira vez que Llougúis usóu úa metáfora.



ROALD DAHL (1916-1990) É FAMOSO SOBRE TODO ENTRE OS MÁIS NOVOS POR LLIBROS COMO *Charlie y a fábrica de chocolate*, *James y el pésgo xigante*, *Matilda* OU *As bruxas*, ANQUE SON MUITOS OS PADRES Y MADRES QUE LO CONOCERON MENTRES YES LLÍAN A OS FIYOS ESAS OBRAS Y QUE S'ACHEGARON D'ESTE XEITO ÁS SÚAS NARRACIÓIS PR'ADULTOS.

DEL ESCRITOR GALÉS CHÚFASE EL ESTILO DAS SÚAS HISTORIAS, RÁPIDO, CON TOQUES D'HUMOR MOURO Y UN FARAGUYO DE CRUELDÁ. SON ARGUMENTOS QUE VAN DERETOS AL ASUNTO Y QUE SEMPRE GUARDAN PRAL ÚLTIMO ÚA VOLTA INESPERADA. NUN É CASUALIDÁ QUE HITCHCOCK BOTARA MAO DE DALGÚS D'ELLOS PRA LLEVALLOS Á TELEVISIÓN. É EL CASO DE «CORDEIRO PRAL SACRIFICIO» («LAMB TO THE SLAUGHTER»), PUBLICAO EN 1953 Y CONSIDERAO POR MUITOS COMO UN CONTO PERFECTO, REDONDO. PÓDESE ATOPAR NEL ANTOLOXÍA DE DAHL *Relatos del inesperao* (*Tales of the Unexpected*, 1979).

XOSÉ MIGUEL SUÁREZ BRINDA ÚA VERSIÓN EN GALLEGO-ASTURIANO.

El cuarto taba calentín y llimpo, as cortinas zarradas, as dúas llámparas de mesa prendidas; a súa y a da siya balleira de delante d'ella. Nel aparador que tía detrás, dous vasos altos, soda, whisky. Xelo fresquín na envasiya.

Mary Maloney taba aguardando a qu'el home volvera del trabayo.

A cada bocadín botaba úa ouyuada al reló, pro sin desasosego, namáis porque ye prestaba pensar que cada minuto que pasaba fía que tuvera máis cerca el momento de chegar él. Había un aire tranquilo y alegre al redor d'ella y de todo el que fía. Baxaba a cabeza mirando prá costura con toda a calma. El peleyo —taba nel sexto mes del embarazo— puxéraseye brizo y neto; a boca, fina; y os oyo, cua súa mirada nova y serena, pintaban máis grandes y escuros qu'antías.

Condo el reló marcaba as cinco menos dez, empezou a escuitar, y un bocadín despóis, puntual como sempre, sentíu as rodas derriba del grixo y a porta del coche pechándose, os pasos suando detrás da ventá, a chave dando volta na pecheira. Deixou pra un llao a costura, erguéuse y foi escontra d'él pra chuchallo namáis qu'entrara.

—¡Hola, meu amor! —dixo ella.

—¡Hola! —contestou él.

Ella piyóuye el abrigo y colgóuyo nel armario. Despóis volvéu y amañou as bebidas, úa cargada pra él y outra máis froxa pra ella; y axina taba outra vez na siya cua costura, y el home nel outra, delante d'ella, tendo pol vaso alto de whisky cuas dúas maos, atanigándolo de tal xeito qu'as pedras de xelo repinicaban contra as paredes del vaso.

Pra ella ésta era un hora maraviyosa del día. Sabía qu'el nun quería falar muito hasta que nun aca-

bara a primeira bebida y, en conto a ella, prestábayey quedar sentada calladía, gozando da súa compañía despóis de tantas horas sola na casa. Gustábayey con delirio tar al pé d'este home y sentir —cuasemente como sinte un bañista a calor del sol— aquel resplandor tépido qu'él botaba nella condo taban xuntos solos. Queríalo pol xeito que tía de sentarse esbanacao núa siya, pol sou xeito d'abrir a porta ou d'andar aspacio pol cuarto a zancuadas. Prestábayey esa mirada intensa dos sous oyocondo se pousaban nella y el xeito chocante da súa boca, y, máis que ningúa outra cousa, cómo quedaba callao sin falar del sou cansacio, hasta qu'el primeiro vaso de whisky lo animaba un pouco.

—¿Cansao, meu amor?

—Si —dixo él—, touche cansao.

Y, entremetres falaba, fexo úa cousa rara. Erguéu el vaso y bebéulo d'úa pouasa anque taba medio chen, qu'alomenos quedábayey el metá. Ella ver nun lo víu, pro soubo el que fixera al ougüir as pedras de xelo cayendo contra'l fondo del vaso balleiro condo él baxóu el brazo. Quedóu quieto un bocadín, poñéndose pra delante na siya, y entonciase erguéuse y foi aspacín a botar outro vaso.

—¡Eu cho poño! —dixo ella, erguéndose.

—Senta —dixo él.

Desque él volvéu, víu qu'a bebida nova era de color ámbar escuro pola cantidá de whisky que botara nel vaso.

—Meu amor, ¿ques que che traiga as zapatias?

—Non.

Miróu pra él mentres empezaba a beber naquella bebida amarellada, y puido ver nel líquido os remolíos aceitosos pol corgao que taba.

—Píntame úa vergonza —dixo ella— qu'un policía que vai féndose veyo como tu lo teñan dando voltas por ei todo el día.

Él nun contestóu, así qu'ella baxóu a cabeza y volvéu cua costura. Cada vez qu'él llevaba a bebida á boca, ella sentía repinicar as pedras de xelo nas paredes del vaso.

—Meu amor —dixo ella—, ¿ques que che traiga dél de queixo? Nun amañeí cía ningúa porque é xoves.

—Non —dixo él.

—Se tas cansao de máis pra comer fóra —seguíu ella—, einda tamos a tempo. Hai un feixe de carne y outras cousas nel conxelador y pódese comer aquí pra que nun te teñas que mover da siya.

Os sous oyo aguardaron d'él úa resposta, úa sonrisa, un xesto d'asentimento, pro nun fixo ningún señal.

—Ta ben —volvéu alló ella—, vouche trer primeiro un pouco de queixo y galletas saladas.

—Nun quero —dixo él.

Ella movéuse inquieta na siya, cos sous oyo tan grandes mirándoyey prá cara.

—¡Pro teis que ciar! Pódocho amañar aquí muito ben. Fágocho con gusto. Podemos comer chuletas de cordeiro. Ou de cocho. El que quiras. Todo ta nel conxelador.

—Déixalo —dixo él.

—¡Meu amor, pro teis que comer! Eu, así y todo, fágocho y despóis se ques podes comello ou non.

Erguéuse y puxo a costura derriba da mesa, al pé da llámpara.

—Senta —dixo él—. Namáis un minuto, senta.

Foi entonciase condo ella empezóu a ter medo.

—Hala —dixo él—, senta.

Ella volvéu sentarse aspacín na siya, mirándolo todo el tempo con sous oyo grandes y pasmaos. Él acabara el segundo vaso y taba reparando dentro d'él, zarramicando os oyo.

—Atende —dixo él—, teño algo que dicirche.

—¿Qué é, meu amor? ¿Pasa daqué?

El quedara quieto de todo y seguía cúa cabeza baxada de tal xeito qu'a lluz da lámpara que tía al pé dábaye na parte de riba da cara, deixándoye a barbía y a boca na escuridá. Ella precatóuse de qu'un musculín bulligábaye na veira del oyo esquerdo.

—Esto ben sei que ch'ha a afectar un pouco —dixo—, pro xa ye din muitas voltas y decidín qu'el miyor é que cho diga axina. Espero que nun mo tomes mui a mal.

Y díxoyo. Nun mandóu muito tempo, cuatro ou cinco minutos como muito. Ella nun se movéu en todo el tempo, mirando pra él con úa especie de terror mentres él iba arredándose d'ella máis y máis con cada palabra.

—Eso é todo —amecéu—. Y xa séi qu'é un mal momento pra dicircho, pro é que nun quedaba outra. Ta claro que ch'hei a dar cuartos y qu'hei a mirar de que tías ben cuidada. Pro nun hai necesidá de que s'amañe ningún xareo. Home, espero que non. Nun iba ser bon pral meu trabayo.

El primeiro retento que ye deu foi nun crer miga d'aquello, refugallo todo. Ocurríuseye que quizáis él nun chegara a falar, que fora ella a que se figurara todo. Pode que, se seguira ás súas cousas y fixera como que nun tuvera escuitando, despóis, como se volvera espertar, iba atoparse con que nunca pasara nada d'aquello.

—Vou fer a cía —amañóu de dicir marmurando, y d'esta volta él nun la paróu.

Mentres iba cruzando el cuarto, Mary nun notaba os pés tocando el tarrén. Nun sentía miga, agá un pouco de mareo y gana de devolver. Todo lo fía como un autómatá. Baxar as escaleiras hasta a bodega, prender a lluz, el conxelador, a mao piyando a primeira cousa qu'encontrara. Sacóula y miróula.

Taba envolta en papel, así que yo quitóu y volvéu miralla.

Úa perna de cordeiro.

Pois hala, iban ter cordeiro pra ciar. Llevóulo pra enriba, agarrando el óso da pata cuas dúas maos, y al entrar na sala encontróu al home de pé al llao da ventá, dándoye as costas. Y quedóu parada.

—¡Pol amor de Dios! —dixo él al sentilla, sin dar a volta—, nun fagas cía pra min. Vou salir.

Naquel momento, Mary Maloney nun fixo máis qu'achegarse por detrás d'él y, sin pensallo, erguéu en aire a pernúa conxelada de cordeiro y deixóula cayer con tanto brío como puido na parte traseira da cabeza.

Foi talmente como se ye dera con úa barra d'aceiro.

Reculóu un paso pr'atrás, aguardando, y el máis chocante foi qu'él quedóu dereto cuatro ou cinco segundos, aballándose. Entoncias cayéu dando úa trompada nel alfombra.

A violencia del golpe, el ruido, a mesía entornada, axudáronye a reaccionar. Salíu aspacín, sentíndose fría y sorpresa, y quedóu fora un bocadín mirando el corpo, agarrando ainda cuas dúas maos aquel pedazo ridículo de carne.

—Ta ben —dixo pra ella—. Así que lo matéi.

Agora era pasmoso cómo de repente a súamente víalo todo claro. Empezóu a pensar rápido. Como muyer d'un detective, sabía de sobro cuál sería a pena. Muito ben. A ella tanto ye daba. En realidá sería un descanso. Pro, el demáis, ¿qué iba pasar col neno? ¿Qué dicía a llei sobre as asesinas qu'iban ter un neno? ¿Matábanlos a os dous, madre y fiyo? ¿Ou esperaban hasta el noveno mes? ¿Qué fían?

Mary Maloney nun lo sabía. Y mialma nun taba disposta a pasar por eso.

Llevó a carne prá cocía, púxola núa bandexa, prendeu el forno y metéula dentro. Despóis llavóu as maos y subíu correndo pral cuarto. Sentóu delantre del espeyo, acuriosóu el pelo y retocóu os llabios y a cara. Tentóu de poñer úa sonrisa. Salíuyee un pouco rara. Volvéu intentallo.

—Hola, Sam —dixo toda contenta, en voz alta.

A voz suaba rara tamén.

—Quero patacas, Sam. Si, y tamén una lata d'arbeyos.

Eso taba miyor. A sonrisa y a voz iban miyorando agora. Ensayóulo úas contax veces máis. Despóis foi embaxo, piyóu el abrigo y salíu prá cae pola porta traseira del xardín.

Einda nun eran as seis y había lluz nas tendax de comestibles.

—Hola, Sam —dixo toda alegre, ríndose pral home que taba detrás del amostrador.

—¡Ah, búas tardes, señora Maloney! ¿Cómo ye vai?

—Quería patacas, Sam, se fai el favor. Si, y pe-me qu'úa lata d'arbeyos.

El home volvéuse y atanguéu nel estante os arbeyos.

—Patrick decidíu que taba cansao y que nun quer ciar fóra esta noite —díxoye ella—. Avezamos a salir a os xoves, xa sabe, y agora piyóume sin verduras na casa.

—¿Y entonciax nun quererá carne, señora Maloney?

—Non, teño carne, gracias. Teño nel conxelador úa búa perna de cordeiro.

—¡Oh!

—Nun me presta asallo condo ta conxelao, Sam, pro vou probar d'esta volta. ¿Píntayee que quedará ben?

—Personalmente —dixo el tendeiro—, ben

sei que nun haberá diferenciá ningúa. ¿Quer estas patacas d'Idaho?

—¡Ah, sí, muito ben! Dúas d'ésas.

—¿Máis nada? —el tendeiro entornóu a cabeza, mirándola con gracia—. ¿Y pra despóis? ¿Qué ye vai dar de postre?

—¿Y qué se ye ocurre a usted, Sam?

El home botóu úa ouyuada á tenda.

—¿Qué ye pinta un bon pedazo de torta de queixo? Sei qu'a él gústayee.

—Muito ben —dixo ella—. Gústayee lamar.

Condo todo tuvo envolto y pagóu, puxo a súa cara máis de gracia y dixo:

—Gracias, Sam. Búas noites.

—Búas noites, señora Maloney. Y gracias.

Y agora, dicía pra entre ella mentres corría de volta, el que taba fendo agora era volver prá casa col home, que taba aguardando pola cía; y ella tía qu'amañarya ben y fella todo el sabrosa que pode-se porque el probe home taba cansao; y se, condo entrara na casa, encontraba dalgúa cousa rara, ou tráxica ou terrible, entonciax sería normal que fora un golpe pra ella y volveríase tolla de dolor y de medo. Tein qu'entendello. Ella nun esperaba encontrar miga. Namáis volvía prá casa cuas verduras. A señora Maloney volviendo prá casa cuas verduras un xoves de tarde pr'amañar a cía al sou home.

Ei ta, dixo pra entre ella. Failo todo ben y con naturalidá. Fai as cousas con toda a naturalidá y nun vai haber falta de finxir.

Polo tanto, condo entróu na cocía pola porta traseira, iba canturriando una cántiga y ríndose.

—¡Patrick! —chamóu—, ¿únde andas, meu amor?

Puxo el paquete derriba da mesa y entróu na sala; y condo lo víu allí tirao nel tarrén, cuas pernas encoidas y ún dos brazos piyao debaxo del corpo,

foi pra ella un golpe de verdá. Todo el amor y a se-  
ñardá que sentira espertaron dentro d'ella, y corréu  
pral corpo, arrodíyouse al pé y empezóu a chorar  
como úa anagada. Foi fácil. Nun fexo falta finxir.

Us poucos minutos máis tarde, erguéuse y foi  
pral teléfono. Sabía el número da xefatura de Poli-  
cía y, condo ye contestaron al outro llao, ella be-  
rróuye:

—¡Rápido! ¡Veñan axina! ¡Patrick ta morto!

—¿Quén fala?

—A señora Maloney, a muyer de Patrick Ma-  
loney.

—¿Quer dicir que Patrick Maloney morréu?

—Peme que si —dixo ella chorando—. Ta ti-  
rao nel tarrén y pinta que ta morto.

—Llougamos ei —dixo el home.

El coche veu axina, y condo ella abríu a por-  
ta entraron dous policías. Conocéulos a os dous  
—conocía cuasemente a todos os del distrito—.  
Botóuse en brazos de Jack Nooan, chorando sin  
parar. Él llevóula con procurso pra úa siya y despóis  
foi pra col outro, que se chamaba O'Malley y que  
taba arrodíyao al pé del corpo.

—¿Ta morto? —perguntóu ella.

—Por desgracia si. ¿Qué pasóu?

En poucas palabras cuntóuye cómo salira á  
tenda y al volver atopáralo tirao nel tarrén. Mentres  
ella falaba, choraba y falaba, Nooan descubríu úa  
mancadura pequena con sangue cuayao na cabeza  
del morto. Amostróuya a O'Malley, que s'erguéu  
axina y foi dereito al teléfono.

Llougamos empezaron a chegar á casa outros po-  
licías. Primeiro un médico, despóis dous detecti-  
ves, qu'a ún conócíalo de nome. Máis tarde, che-  
góu un fotógrafo da Policía que sacóu fotos, y un  
home encargao das marcas dactilares. Había un  
montón de bullebulle y xente cachuchando al pé  
del cadabre, y os detectives tiveron féndoye a ella

un feixe de preguntas. Pro sempre la trataron con  
muita gracia. Volvéu cuntar a historia outra vez,  
agora dende el empezo. Condo Patrick chegara,  
ella taba cosendo, y él taba tan mayao que nun qui-  
xo salir a ciar. Cuntóuyes cómo puxera a carne nel  
forno —allí taba, asando— y cómo fora á tenda a  
comprar verduras y de volta atopáralo tirao nel tarrén.

—¿A qué tenda? —perguntóu ún dos detec-  
tives.

Díxoye y entoncias el volvéuse y marmellóu  
daqué al outro detective, que salíu axina al camín.

En quince minutos taba de volta con úa foya  
chá de notas, y volveron marmurar, y entre os sous  
choros ella foi quén a ougüir dalgúas das frases  
marmuradas: «pintaba normal..., mui contenta...,  
quería amañarye úa búa cía..., arbeyos..., torta de  
queixo..., imposible qu'ella...».

D'alló a un bocadín, el fotógrafo y el médico  
marcharon y os outros dous homes entraron y lle-  
varon el corpo nús angareñas. Despóis foise el  
home das marcas dactilares. Os dous detectives  
quedaron y tamén os dous policías. Foron mui gra-  
ciosos con ella y Jack Nooan perguntóuye se nun  
iba ir pra outro sito, como á casa de súa irmá, ou  
cua súa muyer, qu'iba cuidar d'ella y brindarye úa  
cama pra deitarse.

Non, dixo ella. Nun ye parecía que de mo-  
mento fora quén a moverse nin un metro. ¿Darí-  
ayes máis se quedaba allí hasta que s'atopara mi-  
yor? Einda nun se sentía mui ben de momento,  
mialma non.

Pro nun era miyor que se deitara un bocadín,  
perguntóu Jack Nooan.

Non, dixo ella. Quería miyor tar unde taba, ne-  
sa siya. Un pouco máis tarde, quizáis, condo se sen-  
tira miyor, xa se movería.

Así que la deixaron mentres andaban ás súas  
cousas, rexistrando a casa. De ralo en ralo ún dos

detectives fíayе úа pregunta. Ás veces Jack Nooan falábaye con gracia condo pasaba al pé d'ella. El sou home, díxoye, morrera d'un golpe na cabeza con un instrumento pesao, cuase seguro úа barra de ferro. Taban buscando el arma. El asesino ben puido llevalla con él, pro tamén podía ser que la tirara ou la escondera dayundes, na casa.

—É a historia de sempre —dixo él—, encontras el arma y xa teis el culpable.

Más tarde, ún dos detectives entróu y sentóuse al pé d'ella.

¿Había daqué na casa que podese valer como arma?, preguntóuyе. ¿Daríayе máis botar un oyo por ei a ver se falta daqué, un gancho grande pr'atizar, por poñer un caso, ou un xarrón pesao de metal?

Nun tían xarróis pesaos de metal, dixo ella.

—¿Y un atizador grande?

Nun tían atizadores grandes. Pro debía haber dalgúa cousa apreciada nel garaxe.

A busca seguíu. Ella sabía qu'había outros policías nel xardín todo alrededor da casa. Podía sentir as súas pisuadas nel grixo y ás veces vía a lluz d'úa linterna pasar por entre as regandixas das cortinas. Empezaba a ferse tarde, era xa camín das nove según víu nel reló da repisa. Os cuatro homes que buscaban pola casa pintaba que taban empezando a cansar, un pouco desespeaos.

—Jack —dixo ella condo el sarxento Nooan pasóu al pé—, ¿podería darme daqué de beber?

—Podo, ho. ¿Quer un whisky?

—Si, por favor, pro un goto namáis. Ha a ferme sentir miyor.

Apurríuyе el vaso.

—¿Por qué nun toma usted outro? —dixo ella—. Debe tar xa ben cansao. Tómelo, ho. Foi muito bon comigo.

—Home —contestóu él—, témolo prohibi-

do, pro podo tomar un chinisquín pra seguir col labor.

Ún por ún veron os outros y foi convencéndolos de tomar un papadín de whisky. Quedaron de pé cos vasos na mao, un pouco incómodos delante d'ella, tentando de dicir cousas que la consolaran. El sarxento Nooan, qu'andaba pola cocía, salió rápido y dixo:

—Señora Maloney, ¿sabía qu'einda ten el forno prendido y a carne dentro?

—¡Madeus! —berróu ella—. ¡É verdá!

—¿Quer que yo apague?

—Se me fai el favor, Jack... Muchas gracias.

Condo el sarxento volvéu outra vez, miróulo cos sous grandes oys mouros y chorosos.

—Jack Nooan —dixo.

—¿Si?

—¿Nun me feirían un favor, usted y os outros?

—Se ta da nosa mao, señora Maloney...

—Pois ben —dixo ella—. Aquí tán ustedes, todos bus amigos de Patrick, tentando de piyar al home que lo matóu. Deben tar mortos de fame porque xa pasóu un bon pedazo del hora da cía, y sei que Patrick nun m'iba perdonar, Dios lo teña na gloria, que tuvesen na súa casa y nun yes brindara a hospitalidá que merecen. ¿Por qué nun comen el cordeiro que ta nel forno? Debe tar xa asao de todo.

—¡Non xa! ¡Nin soñalo! —dixo el sarxento Nooan.

—Por favor —pedíu ella—, por favor, cómanlo. Eu alomenos nun podería tocar miga del qu'había na casa condo él taba aquí, pro ustedes si que poden. Iban ferme un favor se lo comesen. Desque acabaran, xa poderían volver al llabor.

Había ben dudas entre os policías, pro taban defamaos de todo y al cabo convencéulos pra que fosen prá cocía y botasen un pedacín. A muyer quedóu unde taba, escuitándolos pola porta medio

entornada. Sentíalos falar entre ellos, marmellando as palabras porque tían a boca chía de comida.

—¿Nun comes máis, Charlie?

—Non, miyor nun acaballo.

—Pro ella quer que lo acabemos. Eso dixo. Tamos féndoye un favor.

—Hala, pois bótame dél.

—¿Qué demontre d'instrumento usarían pra matar al probe Patrick? —dicía ún d'ellos—. El doctor diz que tía el cerebro desfeito como se yo mazaran con un martello.

—Por eso tería que tar bon d'encontrar.

—Eso digo eu.

—Quenquera que lo fixera nun iba acarriar por ei úa cousa asina máis tempo del que precisara.

Ún d'ellos arroitou.

—Eu tou na fe de que ten que tar aquí, na casa.


—Quizáis lo téñamos debaxo das narices.

¿Qué che pinta, Jack?

Y nel outro cuarto Mary Maloney empezou a rirse polo baxo.







MIGUEL RODRÍGUEZ MONTEAVARO: *Todos os tristes de mayo*  
TRABE, 2013.

### *El unicornio qu'inverna*

Baxo el título de *Todos os tristes de mayo* presenta Miguel Rodríguez Monteavaro (Bual, 1990) el obra que lo consolida como úa das xoyas de mayor valía del panorama da literatura en galego-asturiano tras da publicación nel 2010 del sou primeiro poemario, *Trenta razóns pra nun medrar*.

Tanto el título como el prólogo del poemario anúnciannos qu'este libro vai tratar da melancolía del poeta, da señardá invernosa que tein nel brao aquellos que necesitan ver a vida con oyo grises. Mayo, ese mes de primavera, con todos «os sous felices», pro que guarda tamén «os máis grandes incendios de llágrimas» que «os nosos oyo van sentir».

Monteavaro trasmítenos (qu'él al fin y al cabo é del que se trata a poesía) qu'a primavera, temporal ou vital, acaba cuas ganas d'escribir de cualquier poeta, máis einda se temos en conta el mundo que nos tocóu vivir. Y failo con un verso cuidao, de lirismo puro ás veces, nel que revela de novo el sou procuro pola lingua.

El mundo del poeta é un mundo novo, urbano, en crisis... algo a lo que nun tamos afeitos na literatura en galego-asturiano. Rompe Miguel coa casa patrucia y lévanos a un mundo de xente in-

quieta que nun acaba de topar el sou sito, pro dende a colectividá da que forma parte el poeta: dos *hipsters*, da xente que busca el sou furaco neste «póker de zarapayada», neste mundo «de visóis de Manuel Pedregal» unde nos toca vivir. En todo el poemario podemos ver un frentismo claro contra esa parte da sociedade que s'acomoda ás normas establecidas d'este mundo de mentiras y falacias, contra os felices y as súas «novas de falsa actualidá», y nel qu'el lector ten qu'escoyer bando.

A tristeza que botamos de menos dende a felicidade que nos venden, el saber que todo é mentira, un *gran escenario...*, forma úa contradicción perpetua nel poemario con ese mundo real que nun é como nos pintan. Dende esta contradicción divide Miguel os treinta y cinco poemas que nos regala en cinco partes ou estaos d'ánimo ben diferenciosos: El optimismo (Falacia I), A tristeza (Realidá I), El enfado (Odio dos Mansos), A tristeza (Realidá II) y, pr'acabar, El optimismo (Falacia II). En todas ellas a luita entre *mansos* y *felices*, por usar terminoloxía del autor, é a constante que los vertebrá, con úa oposición clara entre us y outros.

Vai variando el actitú del poeta, partindo da protesta silenciosa, como muito col berro («sobra con berrar el que tas dicindo»), y reclamando el dereito de cambiar el sou papel («cambiar as gadeyas por pensamentos novos» porque «A cousa nun vei


ben / se teño qu'andar mudando a peleya / cada vez que salio de casa»).

Pro a principal manera de posicionarse na batalla é reivindicando el dereito de nun faer nada, de dormir, porque xa dice él mesmo lo cansao que ta («Ben sei, parezo cansao de todo...»), pr'afirmar máis tarde: «canséi de todo / canséi»), convertíndolo na resposta primeira a esa realidá d'engaño que ye provoca ese cansancio, ese agotamento que ye fai namáis esperar el sou *cabodano*.

Esa actitú pasiva nun deixa ser outro engaño, outra falacia, porque tamén el poeta vive na contradicción, odiando esas ganas de nun faer nada nun mundo unde todo ta por fer, y amostrando el sou medo «a marchar d'aquí sin deixar úa marca», indicando que «El que nun quero é morrer con mázcara de murria, / aceptar con llágrimas a marchar d'aquí sin deixar úa marca». Esa contradicción chega á súa cuspide nel último poema, que forma él solo el última parte del poemario, y que sin duda é el epitafio del mesmo que nos quer amostar el poeta: y é que, despós d'enseñarnos ese mundo de mentiras y falacias, dícenos el poeta que «Igual non todo / é tan ruin».

Contáxanos Miguel d'esa contradicción, faéndonos dar un respingo nel siyón del domingo; empujándonos a salir del inverno y a faer el noso propio brao, decidindo él tamen buscar el unicornio entre a luz da solana primavera.

**MONCHO MARTÍNEZ CASTRO**



ARTURO ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, *Tangueiro: Vida Maleva*  
SUBURBIA, 2013.

«Por ahí andaba Garay»

Imos empezar con tecnicismos.

Hai algús principios (y chamáseyes así: principios, y non técnicas, nin recursos, nin cualquera outra cousa) qu'os autores empregan pra fer as súas novelas; y esto pasa tamén col Cine. Nel caso del Cine, el exemplo é alxeito por ser máis visual y valir miyor pra explicar el que digo.

Ún é el principio d'economía narrativa, y quer dicir que todo el qu'aparez núa hestoria é pra ser empregado despóis. Ex.: se núa película a cámara retrata un cuitelo que ta derriba d'úa mesa, é porque ese cuitelo vaise empregar lougo pra fer algo con él (normalmente matar a alguén). Ás veces, hai autores que, conociendo este principio, empréanlo de manera maliciosa, confundindo al espectador, pero, polo xeneral, el principio d'economía narrativa respétase, porque núa hestoria nun se pode contar todo, y hai qu'aprovetar el esencial.

Otro principio fundamental é el de perspectiva (el ver del autor). Hai autores que cuentan a hestoria en *primeira persona*, como se yes pasara a ellos. Outros fainlo en *terceira persona* (narran algo qu'el autor conoz, nun sabemos cómo) y en muitos outros casos el autor narra algo en terceira persona y ademáis failo como un narrador *omnisciente*, como

se fose alguén asomeñado a Dios, que conoz al detalle todo el que vai pasar y cómo y quén son os protagonistas.

El principio básico terceiro da técnica literaria é el principio de sucesión, de tempo narrativo. Hai historias que pasan linialmente, del empezo al acabo; outras cóntanse desde que pasa algo esencial prá historia, y algúas hai onde el narrador vai acordándose de cousas que s'entrefreban col tempo presente. Ás veces, el narrador vai contando cousas, capítulos soltos, que nun pasan ún tres outro, pero que van dando úa visión da historia, qu'al acabo queda completa.

Estos son os tres principios básicos da técnica literaria. Y el caso é que, en *Vida Maleva*, el sou autor, Arturo Álvarez Fernández, *Tanguero*, dedícase toda a novela a nun respetar ningún d'elos. Nin miga.

Nun é fácil crer qu'un resultao así consíguese por andar froxo de técnica narrativa, senón qu'úa esgazadura tan perfeuta, completa y fonda, necesita por parte del autor úa conciencia testa das técnicas narrativas y eso significa escoyer un proyeuto de diseño pra fer a novela y un xeito de narrar dentro d'outros moitos.

El qu'Arturo Álvarez quer, se nun discurrimos mal, é contar a súa historia afogándola nun mar de datos y fer qu'os sous protagonistas desaparezan nel cerzo d'un tempo que xa se foi. A zuna por contar todas as miudanzas é total. *Tanguero* conta. Fala de leis, políticos, lugares, del hora en que cada cousa pasa. Esplica cuestións técnicas respetive de males y melecías, motores d'avióis y modas das mulleres; y nun deixa nada que nun se poda contar, conocéndolo el autor y os sous protagonistas, del mundo tal cómo era nas dúas ou tres décadas primeiras del siglo pasado.

Abundan as renguileiras de nomes: de bares y cafés, de pistoleiros y mafiosos ou de caporales y políticos; y amóstranse al detalle os ambientes polos qu'os protagonistas algariaban, empreando úa retórica literaria que podemos chamar *correcta*; é dicir, nun é escesiva pral que quer contar a historia, pero tampouco axuda á poetización ou literarización dos momentos máis íntimos. Condo a protagonista/narradora conta cousas da súa vida amorosa, el autor fala d'elas sin deixar miga pero sin agayo; condo fala da moda nel vistir das mulleres, nun parez que ye pete moito el tema y condo matan a Julio Villamil, as cousas pasan porque así foron.

Nesta narrativa cronística vemos algúas notas características. Por un lao, a crítica social. El autor nun é ayén al que ta pasando en América nin en Europa. Os obreiros tán manexaos polos sindicatos, estos polos políticos, y a estos mangoníanlos os homes de negocios. A cousa pinta que nun era nova xa entoncias y sigue repetíndose. Hai tamén un apego pola terra (a qu'el protagonista deixou): as convidadas con sidra ou el enfado de Julio Villamil condo lo chaman *galego* (título xenérico pra todos os españoles que chegaban a Argentina) sendo él asturiano.

A crítica social debuxa tamén as condicións de vida d'inmigrantes, obreiros, empreaos ou prostitutas. A creación de sindicatos, asociacións, centros culturais y bandas mafiosas. Agora *Tanguero* xa nin narra, dá as novas; máis que contar úa historia, fala d'un tempo. Esmólese por contar a Historia (así, con mayúsculas) y non a vida de naide.

El estilo é solto, lixeiro. Nun atopamos nin a retransa nin a paradoxa, quizáis pol emprego d'esa retórica *correcta*, convencional, da que falábamos

antias. El autor, aturao al trabayo de narrar un mundo y un tempo, nun afonda na psicoloxía dos protagonistas. Diz el que fain pero non por qué lo fain. El retrato psicolóxico queda namáis pral aquilo das relacións cos outros personaxes y nun pousa na súa natureza nin en cómo son por dentro.

A narración quer parar en todo, y os sucesos qu'agora se contan, pero narrados pola protagonista xa de veyá, entrefrébanse con cousas que pasaron muito despóis nel tempo. Por eso a narradora parez ás veces non alguén que conta el que viu y ye tocáu vivir, senón esa narradora omnisciente que todo conoz, y que fala de Julio Villamil d'úa maneira neutra, cuase eslamiada, achegándolo al mundo da prostitución; y qu'emprea a vida, morte y aven-

turas de Carlos Gardel como ícono d'un tempo que pasóu.

Queda de berencia prá novela úa quilma de palabras da lingua lunfarda, nos paliques da xente d'ese mundo *malevo* dos barrios de Buenos Aires. Y queda pral acabo volver á casa, y el remate de narrar el que foi de todos os protagonistas, sin deixar de referirse al momento político d'España, xa nel tempo da democracia restaurada.

Quizáis nel diseño narrativo d'Arturo Álvarez Fernández ta presa el idea de qu'as hestorias, por mui literarias qu'ún quira felas, nun son máis que capítulos da Hestoria, qu'é a xeira sin acabo del Home, y el sito unde se xuntan todos os nosos pesares, sentires y soños.

Alí é unde coyen todas as hestorias.

**JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ CASTRO**





ANA VEGA: *Al xeito del tambor*

TRABE, 2013.

### *Un redobre nunca é de baldre*

A casa manca. É verdá. Como a cultura na que se naz, que nun che deixa respirar nin moverte fóra das súas fronteiras. Nel momento nel que daquén s'acerca con algo de seña dá al sou pasao ábrese úa ventá de recordos y d'acordanzas qu'espeyan silencios novos y esplicanse situacións que nun quedaran claras condo nun s'era máis qu'úa forma de vida en potencia. Descúbrese a casa condo se ta cerca d'ella, anque nun fai falta nada físico, únicamente botar alas y correr pollas caleyas da memoria.

Ana Vega entendeu á súa casa anos despois de pasar tardes nella condo era pequena. A xénesis d'*Al xeito del tambor* ta núa hestoria case mitolóxica que levou a Ana a buscar entre as súas reices y a axenegar aquilo que guardaba nel hipocampo. Y, precisamente, pódese fer un paralelismo cúa figura da poeta y a de Campe, a diosa grega metá muyer, metá dragón: márcanse con furia as pasións y os renaceres de cada verso cúa maxestosidá da guardiana das cousas místicas, das cousas que van quedando na cabeza y que salen del cerzo del pasao. Al descubrir que sou tarabolo fora ún dos músicos qu'andaba tocando pollas festas del occidente asturiano alló pollos empezos del siglo pasao, a poeta

uviedía sufríu un golpe de realidá pasada que la lle-  
vóu a conectar con un tema pendiente qu'andaba  
rulando entre os sous proyectos futuros: dar voz á  
llingua de sous bolos y de sous padres, el gallego-  
asturiano da súa infancia. Asina se foi confeccio-  
nando un poemario sólido, publicao por Trabe nel  
ano 2013. Como diz a poeta núa entrevista, «el lli-  
bro xurde d'un xeito espontáneo, cuas mías estan-  
cias na terra de meus bolos». A conexión era nece-  
saria y agora ta materializada.


El orixe. A casa. A terra. Os instrumentos del  
tarabolo. Úa serie de poemas de carácter biográfi-  
co y de busca del ser. A música acompaña ben nos  
viaxes y de viaxes fala Ana Vega condo s'acerca  
dende a súa casa d'Uviéu hasta os praos y as fon-  
tes del interior del conceyo del Franco. Os movi-  
mentos que se fain condo s'intenta atopar tán d'an-  
temao controlaos por aquello que se ta buscando:  
se buscas úa lentiya, cada xesto ha a ser fráxil, de-  
licao; se buscas as claves todo remolín d'aceiro é  
pouco pra dar con ellas; se andas entre os senti-  
mentos y, máis, entre os recordos d'algo tan íntimo  
como a familia, os sitios nos que t'escondías de pe-  
queno, el son qu'envolve as mañás d'adolescencia...,  
haberá qu'andar con mocasíos, col cuidao máis  
grande del universo pra nun estropiar nada de  
lo que ta cravao a fougo dentro de ti. Por eso, *Al  
xeito del tambor* vei sempre acompañado del docu-  
mental de Melania Fraga *Eu soi quen fun*, nel que se  
relata en palabras d'Ana Vega cómo foi ese reen-  
contro cua casa, cos orixes íntimos da personalidá  
que la llevóu a contactar cua llingua dos veyos.

A voz poética reflexada en *Al xeito del tambor* é  
pretendidamente diferente qu'a dos outros poema-

rios del autora. Reconozse úa clara adecuación del  
xeito urbano da poesía que fai ella hasta el punto  
de crer nos tópicos da lliteratura dos anos noventa  
en gallego-asturiano. Claramente vese úa tendencia  
al xosemiguelismu, fredocarbexismo y maria-  
josefraguismo, que fai qu'as lletras nas que se plas-  
man os sentimentos da poeta cobren realidá nos  
lugares y nas actuacións rurales del infancia: por un  
llao, a forma d'espresión, sin epítetos y con poucos  
encabalgamentos, xinxella y orientada á llectura fá-  
cil; por outro, el modelo de llingua, encamiao al lé-  
xico non urbanita y, pr'acabar, el alabanza a aque-  
llos que fixeron por manter viva a cultura tradicio-  
nal hasta hoi. Inda así, Ana Vega faise portadora  
d'úa mirada lliteraria marcada pollos sous escritos  
anteriores en castellano y fila fino al hora de tres-  
pasar os límites da experiencia personal das cayes  
nocturnas da ciudá. A música ta ben presente nas  
composicións «d'exilio y reconocemento», que se  
dividen en tres bloques durante el llibro, chamaos  
«Violín», «Gaita» y «Tambor», os instrumentos que  
tocaban os antepasaos d'Ana Vega pollas festas y  
que se poden resumir na palabra *recordo*, qu'aparez  
en dellos primeiros versos como catalizador de  
sensacións y que fai de conector del poemario.

*Al xeito del tambor* faise imprescindible nas bi-  
bliotecas con sección de gallego-asturiano, non só-  
lo pol pracer de ller a úa poeta da calidá d'Ana Ve-  
ga nesta llingua, senón por ter un obra que, d'algúa  
manera, abre un ciclo da lliteratura nova eonaviega,  
unde os primeiros textos dan paso, xa, a úa nova  
forma de dar puxo a úa variedá llingüística qu'inda  
ten muito que dicir. Si: el redobre anuncia úa búa  
actuación.

**MIGUEL RODRÍGUEZ MONTEAVARO**



ALBERTO CALVÍN CORREDOIRA: *Tiroliro*  
ASOCIACIÓN CULTURAL OS CASTROS, 2013.

### *Mirar o mundo dende Pardiñas*

Mirar o mundo dende Pardiñas é ver o mundo d'outra maneira. Alberto Calvín —soñador de soños ó pé da mao— ve o seu mundo non sólo dende os ollos senón dende o corazón. Tenrura de persona chea d'amor polo de seu, vai debullando, verso a verso, o que ve y o que sinte. E qu'á Alberto dibuxóuselle o mundo como ó Principín aquél que sabía qu'o esencial é invisible ós ollos; o mesmo que, se tivera dez minutos de sobra, buscaría unha fontíña pra beber augua no sito d'aforrar no tempo; o mesmo Principín que lle pedía ó raposo qu'o avisara cando fora vir pra poñerlle xeito ó corazón e sentirse feliz dende muito antes da súa chegada.

Sorprende a poesía de Calvín polo franca, porque nun ten galanuras literarias, porque, como decía León Felipe, soupo quitarlle «os caireles» e deixala en coiro. É o olor da rosa de Juan Ramón Jiménez, o qu'hai que coller «na súa sinrazón». As razóns de Calvín pra presentarnos este libro de poemas, tan curiosamente e guapamente ilustrado —como se tamén se collera a esencia, o importante ou aquilo que, como esqueleto, sostén a palabra cando a palabra dice xustamente o que ten que dicir, y a ilustradora acabara de desvestir a poesía de

Calvín—. Con un mui afinado xuício, móstranos o libro dende a mesma tapa: cada dibuxo, tan sinxelo como os poemas de Calvín, trainos recordos d'anos que parecen quedar no esquencemento dos que nos fomos das nosas aldeas y aínda d'aqueles que quedaron nelas, porque case naide usa das ferramentas ás qu'o poeta lles dá a categoría universal pola relación qu'a xente tuvo coa natureza. Ferramentas que, xustamente, aproveitaban o que viña ben sin dañala, sin destruíla, nun ciclo amoroso e sensato d'un mundo desaparecido. Nos seus ver-

sos sentimos o latido da terra, vemos o lume da forxa, sentimos ós páxaros na súa algarabía que poi sentido á mañá. A ironía lévanos a un mundo no que nada é definitivo, deixa as portas abertas y estende as alas a unha interpretación personal y hasta romántica da vida.

Calvín cóntanos co candor do neno que foi e nun esquencéu qu'o foi. Aquelo co que xogaba, o que lle foi quedando nos ollos e no corazón, en versos asonantes, achegados ó romance, d'aquel qu'oímos da boca das nosas mais, das nosas abolas, das



mulleres aquelas que, nas polavilas, contaban e cantaban como encantamentos sin perder de traballar. Hai na poesía d'este poeta inxenioso e tenro unha ironía finísima: e, se non, lemos poemas como o da forniga y a cigarra, dunde a fábula de Samaniego dá un xiro completo, dálle a volta, e tráinola ós tempos d'agora mesmo: a probe da forniga leva os cartos ó banco (tanto como traballóu) dunde llos gardan... y o que pasa xa o sabemos: *preferentes* y outras cousas feas, feas. ¡Ai, ladróis, mala xente...!

Nun se para Calvín en rebuscar o cabo dos poemas, non. A navalla... pois, eso, case lle corta un dedo. Normal, se taba tan afilada. Nada d'imaxes literarias, nada de comparacións nin de metáforas, ¿pra qué se a vida é así: navallas que cortan, porco-teixos que fozan, lobos que comen ovellas, corvos que comen o maíz na leira, gatos folgazáis e... cordeiros sin rabo, probiños. Tamén lle bota unha maldición a La Fontaine, «que mal rayo o parta», digo eu que será por fato, qu'a quén se lle ocorre querer enseñarnos nada coas súas leccións: «O lobo y o cordeiro», «O corvo y a raposa»... como se vivir nunha aldea nun fora lección abonda de vida, de virtudes varias e de muita chanza.

Ler *Tiroliro* é nun quitar a sonrisa da boca, é sentir que volvemos a aquilo que foi de noso e que vai morrendo. ¿Cántas persoas son capaces de converter a experiencias personales en poesía na categoría do traballo d'unha aldea? Ler «O grilo», que

nos dice cándo é a hora de labrar o maíz... ¿nun é igual ca mirar prá lúa e dicir que vai ou non chover antes de que nos salira *o home* (ou *a muller*) *do tempo* coas súas isobaras y as súas cicloxénesis explosivas y o seu mapa a coloriños? Querse dicir, temos un meteorólogo na casa e nun o víamos.


Alberto, por fin, avísanos de que ta aí e faise ver con un traballo ben feito, ben guapo e coa madurez do home que nun deixou de ser neno. «Poesía que dice verdades», dicíalle Ambás na tele. Dice verdades e díceas pra sempre porque a letra escrita é prá eternidá.

Muitas cousas nos van esquencendo, pro... aquí ta Calvín pra deixarnos a mellor enciclopedia, a máis viva, a máis doada d'entender, a máis achegada ás nosas vellas costumes e traballos, aquela que queda escrita —antes no corazón dos que s'i-ban, y agora no dos que recordan e queren aprender— nun libro guapísimo, branco y azul, que tou segura de qu'eso ten o seu fondo, nun hai nada casual nas decisións d'un autor, e menos aínda d'un autor co talento poético d'Alberto Calvín Corredoira, ó que felicito coa humildá de quen sabe dún-de ta o auténtico poder da palabra, e coa admiración que me merece tan espontánea, honesta e cándida obra poética. Ben sei que grandes e pequenos lle van agradecer este libro. Y eu, a primeira. Eso si, poñéime no lado dos pequenos.

Gracias, Alberto, e noraboa.

AURORA GARCÍA RIVAS





COLEXO PÚBLICO DE PANES Y GRUPO INFANTIL VILLA ALLEGRE  
D'AVILÉS: *El Anguleiro. Soños de Navidá*  
TRADUCCIÓN D'AURORA BERMÚDEZ NAVA  
TRABE, 2013.

### *El home del saco agora trainos regalos*

A finales d'ano presentóuse en sociedade este librin, *El Anguleiro. Soños de Navidá*. Anque dalgadín, cúa letra grande y grandes ilustracións a todo color, é el fruto d'un gran trabayo. Este labor nace nel sen d'un proxecto educativo que pretende apostar pola implicación familiar na dinámica de centro. Coyendo como elemento motivador a un misterioso personaxe relacionao cúa Navidá y partindo del trabayo desenvolto pol Grupo Infantil Villa Allegre d'Avilés y a Escola Pública Xovellanos de Panes, distintas institucións, asociacións y grupos socioculturales conseguiron, d'emparzao, sacar adelantre esta publicación como un exemplo de trabayo feito entre toda a comunidade educativa. Nun quero esquecer el labor de traducción d'Aurora Bermúdez nesta edición en galego-asturiano. Tamén ela forma parte d'este equipo.

Nel 2008 a Asociación Cultural Garabuxada de L'Arena creóu a figura del Anguleiro, convertindo al pescador d'angulas nun ser fantástico que compite con Papá Noel repartindo regalos a os nenos el 24 de decembre. El obxeto era, sobre todo, ofrecer úa imaxe da Navidá máis achegada á realidade asturiana. Deseguida dende a comunidade educativa se víu el potencial que supoñía este personaxe



pra trabayar sobre él distintas unidades didácticas, sobre todo nel campo da lingua asturiana, de forma qu'enganchasen al alumnao máis novo. Esto explica qu' a mayoría dos textos que circulan polas escolas sobre este personaxe teñan escritos en asturiano, algo qu'os demás docentes asumen con naturalidá y qu'axuda á dignificación da lingua asturiana nel contesto escolar.


Este conto, orientao á Educación Primaria, narra úa das emocionantes aventuras del Anguleiro xunto al sou gran compañeiro, Papá Noel. Distintos personaxes mitolóxicos se mezcran núa simpática aventura con un final «mui de Navidá». Máis nun vos cunto pra que vos queden ganas de lelo.

Anque nun tía xa muitas dudas al respecto, úa revisión rápida a os seres mitolóxicos del etnógrafo Alberto Álvarez Peña acabóu de confirmarme que nun temos ningún personaxe da mitoloxía en Asturias que repartira regalos por Navidá. Parece ser que temos qu'irnos muito, muito máis aló se queremos buscarye úa explicación *cultural* al orixe del Anguleiro, lonxe de modelos importaos. A os Reis Magos, a Papá Noel y al mesmísimo Anguleiro temos que buscaryes el orixe na Roma imperial, na cristianización de festas paganas mui enreizadas na cultura popular. Y é que nos primeiros días de decembre, el labrador romano xa tía que ter acabada a labranza d'outono (*De Re Rustica*, III. 14). Poucas semanas máis tarde, coincidindo col solsticio d'inverno (el 25 de decembre), Saturno, dios da semma, era honrao con grandes celebracións (*Plinio Cartas*, II 17.24), tamén chamadas saturnales ou *sa-turnalia*. Estas festas empezaban con un sacrificio

nel templo del dios, seguido d'un banquete público al que taba invitao todo el mundo. Despós del día 25, empezaba el festival de *sigillaria*, dedicao, sobre todo, a feryes regalos a os nenos. Nestos días decorábanse as casas con prantas verdes, prendíanse velas pra celebrar a volta da luz y colgábanse figuras dos árboles. Talmente como femos agora: con xantas y cías familiares, regalos a os nenos, arbolí-os decoraos, velas prendidas y hasta culto a un dios, el del noso Nacemento. El calco nun puido salir miyor.

Teño que reconocer que sempre me cayéu simpático Mr. Scrooge y que me parecía abondo retorcido todo lo que ye fían al probe veyín; de feito paréceme ben máis cercano el personaxe de Dickens qu'este outro homón de colorao al que cada Navidá temos máis y máis metido nas nosas familias, edificios y costumes. A escusa —eso de que chega antias qu'os Magos y qu'os nenos tein máis tempo pra xugar— nun me parece del todo mala anque nun la compartu; con todo, gústame máis a idea de ganarye tarrén, polo que simpatizo con este outro personaxe advenedizo, pintao de marelo y cargao d'apareyos de pesca. Agradézoye tamén al home de marelo el intento de volver un pouco de paganismo a estas festas y, se de paso levamos a nosa lingua apegada al personaxe, tanto miyor. Sempre nos queda a posibilidá, se nun vai muito con nosoutros el tema, d'imitar a Plinio el Novo: pecharnos na nosa vila y esperar que pasen todos esos días de ruido y festa, deixándoyes, a os que quiran, disfrutar, sempre que nun nos molesten nos nosos labores.

**MÓNICA LOZA LÓPEZ**







EXEMPLAR DE BALDRE

GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS

CONSEYERÍA D'EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE